Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Solicitar do Goberno central que active, do mesmo xeito que no 2022, bonificacións aos combustibles para profesionais (transporte, agricultura, pesca, maquinaria industrial, etc.) e, do mesmo xeito, aplicar bonificacións semellantes dentro das competencias e posibilidades do Goberno galego.

2. Crear un fondo de garantías loxísticas para exportadores con avais do 100% para créditos de liquidez destinados a cubrir sobrecustos imprevistos en fretes internacionais así como dos gastos de almacenaxe imprevistos, priorizando as empresas con capital galego (máis do 50%) e nomeadamente as PEMES.



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 17:15:23
Nº Rexistro: 53013
Data envio: 09/03/2026 17:15:23.180

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

3. Impulsar unha Mesa de Avaliación de Crise que funcione como un órgano de diálogo e seguimento con representación da administración, organizacións empresariais (con representación suficiente das PEMES), sindicatos e universidades para avaliar medidas, propor axustes e canalizar demandas sectoriais ante o actual contexto de escalada de prezos derivados da guerra en Asia Suroccidental".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 17:15:23
Nº Rexistro: 53013
Data envio: 09/03/2026 17:15:23.180

**Asinado dixitalmente por:**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 09/03/2026 17:03:20**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 09/03/2026 17:03:39**

**José Manuel Golpe Acuña na data 09/03/2026 17:03:46**

**Carmela González Iglesias na data 09/03/2026 17:03:57**

**Saleta Chao Rivas na data 09/03/2026 17:04:09**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/03/2026 17:09:44**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 17:15:23
Nº Rexistro: 53013
Data envio: 09/03/2026 17:15:23.180

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 17:15:24**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 18:14:25
Nº Rexistro: 53027
Data envío: 09/03/2026 18:14:25.881

Por Ana Pontón Mondelo
Asinado o día 09/03/2
18:10
Por Iago Suárez Fern

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Iago Suárez Fernández,** e das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Cristina Fernández Davila,** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**, sobre a adopción de medidas que garantan o mantemento dos servizos públicos ante a subida dos prezos do combustible.

Por Cristina Fernández Davila
Asinado o día 09/03/2026 ás
18:10
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer canto antes en sede Parlamentar as medidas que vai adoptar o Goberno galego para paliar o afogo económico dos concellos producido pola desorbitada e inxusta subida do prezo dos combustibles e da enerxía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai dez días que comezou o ataque coordinado entre o estado sionista de Israel e os EUA en contra do Irán, supoñendo un agravamento da escalada bélica no Oriente Medio e representando unha ameaza directa á paz e a seguranza a nivel internacional. Estes ataques son, máis unha vez, unha acción unilateral, contraria ao Dereito internacional e unha flagrante violación da Carta das Nacións Unidas. E engádense as agresións imperialistas xa emprendidas contra A Siria, O Iemen e O Líbano, inseridas dentro dunha estratexia de terror e destrución que ten no brutal xenocidio en curso en

Asinado o día 09/03/2026 ás
18:10
Por Óscar Insua Lema
CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 18:14:25
Nº Rexistro: 53027
Data envio: 09/03/2026 18:14:25.881

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Gaza e a limpeza étnica e réxime de apartheid no conxunto da Palestina o seu maior expoñente.

Esta actuación dos EUA, ten un denominador común con outras que están levando a cabo na América Latina (Venezuela, Colombia, México, Cuba...) e Grenlandia, accións que teñen como obxectivo buscar o control das fontes de enerxía e dos recursos minerais máis demandados no mundo. Igual que aconteceu no comezo da guerra en Ucraína, era previsible que os prezos da enerxía subiran de forma abrupta, nun contexto no que os estados europeos son máis dependentes das subministracións de petróleo e gas controladas polos EUA e polo seu oligopolio internacional, unha vez que estes lograron eliminar as relacións comerciais e económicas de Europa con Rusia, unha das antigas grandes proveedoras. O negocio do petróleo estalles a saír redondo sen importarlles o máis mínimo a xente inocente que morre a diario, o que reflexa un atroz desprezo pola vida humana, ou as penosidades que sofren as persoas máis vulnerables en todo o mundo por non dispor de recursos suficentes para afrontar situacións onde é fundamental o uso da enerxía, ou a vulneración de tratados e do dereito internacional.

O prezo do petróleo Brent, de referencia en Europa, disparouse máis dun 15% até os 107 dólares por barril (aproximadamente 98 euros por barril) ante a escalada militar en Oriente Próximo. Durante a madrugada de hoxe chegou mesmo a superar momentaneamente os 115 dólares por barril (uns 105 euros). Namentres o gas europeo tamén rexistrou fortes subidas nun contexto marcado polo risco para o transporte enerxético no estreito de Ormuz.

A repercusión nos prezos dos combustibles non se fixo esperar, o prezo do gasoil aumentou ata 43 céntimos por litro en apenas sete días, medrou por enriba do 11% nas provincias de Ourense e Lugo, onde cotiza a 1,803 e 1,783 euros de media, respectivamente. Na provincia de Pontevedra o incremento foi do 10%, até os 1,77 euros de media o litro, e na Coruña os prezos encarecéronse outro 10,2%. O prezo da gasolina



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 18:14:25
Nº Rexistro: 53027
Data envio: 09/03/2026 18:14:25.881

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

95 que subiu ata 28 céntimo no mesmo período, a máis usada entre os coches de recente matriculación ou os híbridos con combustión, tamén aumentou de forma moi significativa. O litro págase agora en Pontevedra un 3,7% máis caro de media, outro 5,08% máis en Ourense ou un 5,07% máis en Lugo. O prezo do gasoil calefacción tipo C, incrementouse nesta semana a valores moi elevados que superan os 1,5 € por litro. Estes prezos son totalmente desorbitados, tendo en conta que se lle van a aplicar a subministracións de combustibles que proceden das reservas existentes e non das futuras subministracións que serían as que encarecerían os prezos, o que é un auténtico abuso das grandes enerxéticas sobre os prezos de mercado para seguir facendo negocio á conta das guerras que orixinan de forma unilateral.

As consecuencias nas pequenas economías das familias son desastrosas, ao igual que para as pequenas e medianas empresas, porque encarecen os prezos dos produtos cando os ingresos non aumentan. O mesmo acontece para as administracións, sobre todo para as máis pequenas, os concellos, que levan arrastrando un problema de infrafinanciación e que lles resultas moi difícil afrontar gastos non previstos nos seus raquíticos orzamentos. non hai que esquecer que estes son os que prestan os servizos públicos máis básicos aos cidadáns como limpezas viarias ou recollidas de lixo; tamén son os que abonan directamente o gasto de calefacción nos edificios municipais, entre os que se atopan escolas infantís e algúns centros de ensino, ademais de centros sociais destinados ás persoas maiores. Estes custos repercuten directamente na economía local e provocarán que haxa que facer transferencias doutras partidas orzamentarias, que minguarán, para facer fronte a esta subida desorbitada de prezos da enerxía.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 18:14:25
Nº Rexistro: 53027
Data envío: 09/03/2026 18:14:25.881

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

"Co fin de garantir a prestación de todos os servizos públicos municipais, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Solicitar ao goberno do Estado a adopción de cantas medidas sexan necesarias, incluso fiscais, para paliar o gasto municipal derivado da subida dos prezos do petróleo e gas.

-Aprobar unha nova liña de axudas para os concellos co fin de paliar a subida desorbitada e inxusta dos prezos dos combustibles e da enerxía".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 18:14:25
Nº Rexistro: 53027
Data envío: 09/03/2026 18:14:25.881

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 09/03/2026 18:10:27

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/03/2026 18:10:36

Iago Suárez Fernández na data 09/03/2026 18:10:41

Iria Taibo Corsanego na data 09/03/2026 18:10:45

Cristina Fernández Davila na data 09/03/2026 18:10:50

Ana Pontón Mondelo na data 09/03/2026 18:10:56

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 18:14:25
Nº Rexistro: 53027
Data envio: 09/03/2026 18:14:25.881

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 18:14:26**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53048
Data envio: 09/03/2026 20:53:00.198

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 09/03/2 20:49
Por Carmela Gonzále

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados abaixo asinantes, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª polo trámite de urxencia**, relativa ás medidas a implementar para paliar os efectos que as agresións ilegais de Estados Unidos e Israel a Irán están a ter na actividade do sector pesqueiro galego.

Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 09/03/2026 ás 20:49
Por Daniel Castro García

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer canto antes no Parlamento as medidas a implementar para paliar os efectos que as agresións ilegais de Estados Unidos e Israel a Irán están a ter na actividade do sector pesqueiro galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sector pesqueiro galego é, pola súa relevancia económica, laboral e social, fundamental para o noso país no seu conxunto e, en particular, para comarcas costeiras enteiras onde non só dependen del miles de postos de traballo directos senón tamén un importantísimo número de actividades e de emprego indirecto.

Malia ás políticas pesqueiras das distintas administracións nas últimas décadas, que levaron ao despezamento e ao abandono da actividade dunha parte importante da frota galega, a súa relevancia, sobre todo en facturación, é aínda moi destacábel dentro da Unión Europea e dende logo no conxunto do Estado español.

Asinado o día 09/03/2026 ás 20:49
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sector pesqueiro galego ten enfrontado múltiples problemáticas ao longo do tempo, a maior parte derivadas de decisións políticas moi cuestionábeis, e en todos elas ten levado a cabo enormes esforzos para superalas, aínda que con altísimos custos en moitos casos.

Só a modo de exemplo, vén sendo sometido a cada vez maiores restricións nas posibilidades de pesca e a unha hiperregulación que dificulta cada vez máis o seu traballo e que é descoñecida na maioría dos sectores da actividade económica, mentres as importacións e o desenvolvemento das frotas de terceiros países seguen a medrar de xeito exponencial; a falla de remuda xeracional, ata o punto de provocar mesmo o amarre de buques, converteuse xa nunha eiva crónica á que as administracións non son quen de enfrontar con medidas estruturais e eficaces; as consecuencias que xa vén tendo o cambio climático, nomeadamente nalgunhas especies do seu especial interese, só se enfocan dende o punto de vista medioambiental e nunca tendo en conta os aspectos sociais e económicos; ou as consecuencias de crises graves e máis recentes, como a do Brexit e a pandemia do Covid-19, que tiveron efectos negativos que aínda se arrastran e que contribuíron á perda de buques, de postos de traballo e a incrementar a incerteza sobre a viabilidade de moitas empresas pesqueiras e de moitos traballadores do mar.

E é neste contexto, xa de por si moi complicado, onde se encadran as dificultades a maiores que o sector pesqueiro ten que atender por mor do ataque imperialista e totalmente á marxe da legalidade internacional dos Estados Unidos e de Israel a Irán.

O desprezo reiterado dos gobernos de Estados Unidos e de Israel á soberanía de distintas nacións, neste caso de Irán, xa se está a traducir en graves consecuencias para o resto do mundo, máis alá das propias que xa está a padecer directamente a poboación iraniana.  E así, a desestabilización que están a conseguir provocar xa a estamos a vivir



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53048
Data envío: 09/03/2026 20:53:00.198

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de xeito real coa suba desorbitada dos carburantes, que aínda se pode agravar e afectar a moitas outras actividades que nos inflúen na nosa vida diaria.

Deste xeito, o combustíbel pesqueiro disparouse un 40% nas últimas semanas e moitos dos insumos empregados na actividade, que proceden maioritariamente do continente asiático, comezan a escasear, engadindo maiores obstáculos aos xa existentes e todo elo tendo en conta que a pesca non pode repercutir no cliente o custo que lle supón a produción.

Polo tanto, ao igual que xa veñen de facer outros países da nosa contorna, como Portugal, tanto o Estado español como o propio Goberno galego deben tomar medidas inmediatas para tratar de frear os efectos negativos que xa está a traer a guerra para todo o sector pesqueiro galego.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Demandar do Estado español, sen excluír ningunha outra actuación que se considere, que de xeito inmediato leve a cabo:

a) A aprobación de axudas temporais ao sector pesqueiro afectado polo incremento dos custos de produción.

b) A rebaixa da imposición sobre os hidrocarburos cando menos ata que os seus prezos se estabilicen.

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) A implementación de medidas urxentes de compensación económica que palíen os amarres e paros que se poidan producir como consecuencia dos altos custos de produción

d) O incremento do control sobre o sector enerxético e as compañías distribuidoras de combustíbel para a pesca, para evitar calquera tipo de abuso coas subas dos prezos.

2.- Planificar de xeito inmediato unha liña de axudas urxente que contribúa a minimizar as consecuencias derivadas da crise actual, nomeadamente o incremento dos custos e a perda de ingresos á que está abocada a frota pesqueira galega.”

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2026



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53048
Data envio: 09/03/2026 20:53:00.198

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 09/03/2026 20:49:36

Daniel Castro García na data 09/03/2026 20:49:44

Carmela González Iglesias na data 09/03/2026 20:49:51

Óscar Insua Lema na data 09/03/2026 20:49:59

Paulo Ríos Santomé na data 09/03/2026 20:50:09

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53048
Data envío: 09/03/2026 20:53:00.198

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 20:53:01**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG DE PSOE

Asinado o día 27/02/2 11:34 Por José Ramón Gón

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

# Exposición de motivos

Asinado o día 27/02/2026 ás 11:34 Por Lara Méndez López

A transición ecolóxica constitúe unha obriga inescusable para facer fronte á crise climática e unha oportunidade estratéxica para reforzar a competitividade industrial e enerxética de Galicia.

Neste contexto, os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) aprobados polo Goberno de España identificaron cinco zonas con potencial para o desenvolvemento da eólica mariña fronte á costa galega.

Cómpre lembrar que o Tribunal Supremo, en sentenza de xullo de 2024, desestimou o recurso interposto contra os POEM, avalando a súa legalidade e concluíndo que:

- Non existiu arbitrariedade nin desviación de poder.
- Tivéronse en conta estudos técnicos e científicos suficientes.
- Avaliouse o impacto sobre a actividade pesqueira.
- O proceso incorporou mecanismos de consulta cos sectores afectados.
- Reducíronse superficies inicialmente previstas para minimizar o impacto na pesca.

Asinado o día 27/02/2026 ás 11:34 Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 11:38:13
Nº Rexistro: 52020
Data envio: 27/02/2026 11:38:13.973

A maiores, o Goberno de España aprobou o Real decreto 962/2024, de 24 de setembro, que establece o marco regulador para a produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables situadas no mar, garantindo un desenvolvemento participativo, flexible e compatible coa actividade pesqueira.

Recentemente, o Ministerio para a Transición Ecolóxica abriu a consulta pública previa para definir as bases da primeira subasta de eólica mariña en España, paso decisivo para activar este sector.

Paralelamente, os primeiros informes preliminares elaborados polo Instituto Español de Oceanografía (IEO-CSIC) sobre a costa galega apuntan a que, segundo o coñecemento científico actual, o impacto da eólica mariña pode ser baixo e compatible coa actividade pesqueira, sempre que exista planificación e seguimento adecuados.

Galicia conta cunha ampla experiencia no sector naval e na industria eólica terrestre, polo que o desenvolvemento da eólica mariña flotante representa unha oportunidade industrial e de emprego que non debe desaproveitarse.

Neste escenario, resulta fundamental que a Xunta de Galicia adopte unha posición construtiva, colaborando institucionalmente co Goberno de España para garantir:

- A protección ambiental.
- A defensa da actividade pesqueira.
- O retorno industrial e social para Galicia.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 11:38:13
Nº Rexistro: 52020
Data envío: 27/02/2026 11:38:13.973

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Colaborar leal e activamente co Goberno de España na aplicación do Real Decreto 962/2024, así como no proceso de consulta pública aberto para a definición das bases da primeira poxa de eólica mariña, na que se priorizan os criterios socioeconómicos con impacto positivo local, a creación de emprego e a integración industrial. Valóranse a capacidade de xerar cadea de subministración, a compatibilidade con outros usos do mar (pesca) e a minimización de impactos ambientais.
2. Presentar achegas construtivas no marco da consulta pública co obxectivo de:

- Garantir a compatibilidade coa actividade pesqueira.
- Establecer mecanismos de seguimento científico continuado.
- Maximizar o retorno industrial, tecnolóxico e laboral para Galicia.

3. Impulsar, no ámbito das súas competencias en materia de litoral e economía azul, medidas que aseguren que o desenvolvemento da eólica mariña:

- Minimice os impactos ambientais.
- Reforce a cadea de valor industrial galega.
- Xere emprego cualificado e estable no noso país.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 11:38:13
Nº Rexistro: 52020
Data envio: 27/02/2026 11:38:13.973

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 27/02/2026 11:34:08

Lara Méndez López na data 27/02/2026 11:34:15

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/02/2026 11:34:22

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/02/2026 11:38:14**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 12:33:09
Nº Rexistro: 52036
Data envio: 27/02/2026 12:33:09.581

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nazareth Cendán Gayoso, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

**Exposición de motivos**

A UE atópase nun proceso no que está a traballar para reforzar a competitividade das súas empresas a longo prazo, manter intactos os seus obxectivos económicos, sociais e ambientais, e impulsar unha contorna de investimento máis innovador. Neste labor, dispor dun marco regulador máis sinxelo, no que a UE simplifique determinadas normas e leis, é un compoñente clave.

Este labor de adoptar para as normas da UE un enfoque de simplicidade desde a súa concepción procede do máis alto nivel político europeo, do Consello Europeo, que sinalou en reiteradas ocasións o necesario que era lograr este obxectivo para impulsar a súa competitividade a longo prazo. Neste senso, a simplificación é unha das prioridades principais tanto da Axenda Estratéxica 2024-2029 como da Declaración de Budapest sobre o Novo Pacto para a Competitividade Europea, na que se avoga por unha revolución da simplificación -reducir os custos administrativos e as obrigas de presentación de información para as empresas-.

Desde o mes de febreiro de 2025, e en resposta á petición do Consello Europeo, a Comisión presentou ao Consello da UE e ao Parlamento Europeo, para a súa adopción, dez propostas de simplificación ás que tamén se denomina paquetes ómnibus.

Sen embargo, no eido marítimo-pesqueiro, a simplificación debe ir alén das obrigas de presentación de informes, xa que os desafíos regulatorios adicionais,

Asinado o día 27/02/2026 ás 12:32
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 12:33:09
Nº Rexistro: 52036
Data envio: 27/02/2026 12:33:09.581

como os custos de cumprimento, os peches de caladoiros, os impostos e as ineficiencias burocráticas, seguen ameazando a súa viabilidade económica.
É por iso que cómpre que a Comisión realice unha revisión práctica e exhaustiva de todas as políticas que afectan á pesca, incluídas as novas, como o Regulamento de Control ou a Lei de restauración da natureza; un exercicio que garanta que a lexislación pesqueira sexa proporcionada, coherente e eficaz, permitindo que o sector prospere e apoiando, ao mesmo tempo, os obxectivos de sustentabilidade da UE.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que demande á Comisión Europea a presentación dunha proposta de simplificación lexislativa específica para o sector marítimo-pesqueiro, en atención tanto ás súas demandas como a unha realidade que require marcos regulatorios máis áxiles e proporcionados que reforcen a soberanía alimentaria e garantan a viabilidade socioeconómica do sector fronte a terceiros Estados, para preservar o seu tecido produtivo e as comunidades costeiras galegas".

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 12:33:09
Nº Rexistro: 52036
Data envio: 27/02/2026 12:33:09.581

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 27/02/2026 12:32:53**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 12:33:09
Nº Rexistro: 52036
Data envio: 27/02/2026 12:33:09.581

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/02/2026 12:33:10**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 12:45:17
Nº Rexistro: 52038
Data envio: 27/02/2026 12:45:17.545



**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Katherinie Varela Fernández, Raquel Arias Rodríguez, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López** e **Nazareth Cendán Gayoso,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

**Exposición de motivos**

A Nacional 120 desde Ourense ata Ponferrada é un tramo que soporta moitísimo tráfico de vehículos e camións por ser a única estrada de comunicación coa meseta de puntos moi importantes de Galicia como Monforte de Lemos, Quiroga, A Rúa ou O Barco de Valdeorras. Ademais é a estrada de conexión entre estas dúas últimas cidades e a súa capital de provincia Ourense.

A pesar da importancia de esta estrada, a súa conservación é escasa e practicamente nula, estando en moitos puntos tan chea de fochancas que a súa circulación convertese nun auténtico perigo para os condutores.

Os pequenos traballos de reparación non solucionan estes problemas e demostran unha falta de mantemento. Un feito innegable é que, ata a data, ningunha intervención foi capaz de reparar axeitadamente a superficie desta infraestrutura moi utilizada.

Ademais, tal e como recoñece o Goberno de España nunha resposta recente, os accidentes son moi frecuentes, xa sexa por picadas de rodas ou saídas de vía. Persoas que viaxan diariamente pola estrada advirten que cada xornada faise máis perigosa a circulación.

Asinado o día 27/02/2026 ás 12:45
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA

As borrascas que levamos padecendo as ultimas semanas evidenciou que esos mínimos parches foron a todas luces insuficientes, converténdose polo tanto, nunha estrada totalmente intransitable a o seu paso polas provincias galegas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible:

1.- A rehabilitación integral do firme da Nacional 120 desde o Barco de Valdeorras ata Ourense así como a construción dos carrís adicionais comprometidos entre Peares e Ourense.

2.- Reiterar a solicitude da execución das obras de mellora de seguridade vialanunciadas polo Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible no BOE do 30 de abril do 2024".

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 12:45:17
Nº Rexistro: 52038
Data envio: 27/02/2026 12:45:17.545

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 27/02/2026 12:45:03**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/02/2026 12:45:18

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Katherinie Varela Fernández, Gonzalo Trenor López, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez** e **Nazareth Cendán Gayoso,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

**Exposición de motivos**

As constantes borrascas que estamos a padecer no noso territorio nas últimas semanas, están a provocar numerosos incidentes e danos, que, seguramente algúns non eran evitables, sen embargo, moitos si podían evitarse cun correcto mantemento.

Pasa coas estradas que xa non tiñan unha rehabilitación adecuada do firme ou inmobles en avanzado estado de deterioro, nestes casos, as incidencias ocasionadas puideron evitarse na súa maior parte cun mantemento adecuado.

O mal estado das estradas de titularidade municipal está xerando moitas concentracións de veciños en sinal de protesta, pero pasa tamén cos ríos e regatos. É evidente a falta de mantemento dos ríos e regatos competencia da Confederación Hidrográfica do Miño Sil, que coas ultimas borrascas, evidenciáronse provocando pequenas inundacións, que sen lamentar danos persoais, si foi tremendamente incomodo para os veciños e algúns incluso sufriron danos nas súas casas.

Os veciños veñen tempo reclamando a falta de mantemento das canles dos ríos e regatos da Confederación Hidrográfica Miño Sil, e tras estas borrascas, foron os propios veciños os que tiveron que proceder a limpeza e eliminación de obstáculos, contratando incluso os servicios adecuados para este cometido, e así evitar maiores consecuencias cando se suceden choivas coma as dos últimos días.

Asinado o día 27/02/2026 ás 12:47
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 12:47:49
Nº Rexistro: 52040
Data envío: 27/02/2026 12:47:49.735

PARLAMENTO DE GALICIA

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse á Confederación Hidrográfica Miño Sil para levar a cabo unha correcta actuación de mantemento e limpeza dos canles dos ríos e regatos da súa competencia, e instar aos concellos afectados a facer o mesmo nos tramos da súa competencia".

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 12:47:49
Nº Rexistro: 52040
Data envio: 27/02/2026 12:47:49.735

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 27/02/2026 12:47:35**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/02/2026 12:47:50**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 13:14:16
Nº Rexistro: 52043
Data envio: 27/02/2026 13:14:16.461

PSG DE PSOE

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

# Exposición de motivos

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 vén de suspender o prazo de presentación de ofertas para o novo concurso de contratación dos helicópteros de emerxencias sanitarias tras recibir un recurso xudicial contencioso-administrativo contra os pregos de prescricións técnicas.

Dito recurso nace despois de que varias empresas manifestasen sospeitas de que certos requisitos podían estar formulados de tal xeito que favorecesen un fabricante concreto ou unha configuración industrial determinada, o que podería vulnerar principios fundamentais da contratación pública como a competencia, igualdade de trato, non discriminación e proporcionalidade.

Mentres se resolve xudicialmente esta cuestión, o procedemento de licitación queda paralizado e o servizo continuará prestado pola empresa actualmente concesionaria, que acumulou no pasado diversos incumprimentos no exercemento do contrato actual.

Esta situación suscita preocupación sobre a transparencia, a igualdade de acceso ao concurso e a garantía de que o servizo público de transporte sanitario

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / @socialistas_gal



Asinado o día 27/02/2026 ás 13:11 Por Elena Espinosa M
Asinado o día 27/02/2026 ás 13:11 Por Paloma Castro Rey
Asinado o día 27/02/2026 ás 13:11 Por Patricia Iglesias Rey
Por José Ramón Gómez Besteiro
CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 13:14:16
Nº Rexistro: 52043
Data envio: 27/02/2026 13:14:16.461



aéreo se adxudique de forma eficiente, competitiva e en beneficio da cidadanía galega, con todas as garantías legais e técnicas.

Ante este contexto, o Parlamento de Galicia debe instar ao Goberno galego e ao 061 a actuar con total claridade, a garantir a máxima competencia e transparencia na contratación, e a aclarar o estado do procedemento e os pasos a seguir.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a transparencia e igualdade no procedemento de contratación dos helicópteros do 061, asegurando que os pregos non contiñan requisitos que poidan restrinxir de forma inxustificada a concorrencia.
2. Facilitar información pública e actualizada sobre o estado do proceso de licitación e sobre o contido do recurso xudicial que motivou a suspensión do concurso.
3. Revisar e, se procede, modificar os pregos do concurso para garantir o cumprimento estrito dos principios de contratación pública: competencia, igualdade de trato, non discriminación e proporcionalidade.
4. Establecer mecanismos de control e supervisión sobre este contrato estratéxico, dada a súa importancia para o servizo sanitario público galego e a súa implicación en situacións de emerxencia.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 13:14:16
Nº Rexistro: 52043
Data envio: 27/02/2026 13:14:16.461

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 27/02/2026 13:11:09**

**Paloma Castro Rey na data 27/02/2026 13:11:15**

**Elena Espinosa Mangana na data 27/02/2026 13:11:24**

**Silvia Longueira Castro na data 27/02/2026 13:11:32**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 27/02/2026 13:11:40**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 13:14:16
Nº Rexistro: 52043
Data envio: 27/02/2026 13:14:16.461

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/02/2026 13:14:17

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 13:14:34
Nº Rexistro: 52044
Data envio: 27/02/2026 13:14:34.639

PSG DE PSOE

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

## Exposición de motivos

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 vén de suspender o prazo de presentación de ofertas para o novo concurso de contratación dos helicópteros de emerxencias sanitarias tras recibir un recurso xudicial contencioso-administrativo contra os pregos de prescricións técnicas.

Dito recurso nace despois de que varias empresas manifestasen sospeitas de que certos requisitos podían estar formulados de tal xeito que favorecesen un fabricante concreto ou unha configuración industrial determinada, o que podería vulnerar principios fundamentais da contratación pública como a competencia, igualdade de trato, non discriminación e proporcionalidade.

Mentres se resolve xudicialmente esta cuestión, o procedemento de licitación queda paralizado e o servizo continuará prestado pola empresa actualmente concesionaria, que acumulou no pasado diversos incumprimentos no exercemento do contrato actual.

Esta situación suscita preocupación sobre a transparencia, a igualdade de acceso ao concurso e a garantía de que o servizo público de transporte sanitario

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / @socialistas_gal



Asinado o día 27/02/2 13:12 Por Elena Espinosa M
Asinado o día 27/02/2026 ás 13:11 Por Paloma Castro Rey
Asinado o día 27/02/2026 ás 13:11 Por Patricia Iglesias Rey
Por José Ramón Gómez Besteiro
CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 13:14:34
Nº Rexistro: 52044
Data envío: 27/02/2026 13:14:34.639

aéreo se adxudique de forma eficiente, competitiva e en beneficio da cidadanía galega, con todas as garantías legais e técnicas.

Ante este contexto, o Parlamento de Galicia debe instar ao Goberno galego e ao 061 a actuar con total claridade, a garantir a máxima competencia e transparencia na contratación, e a aclarar o estado do procedemento e os pasos a seguir.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a transparencia e igualdade no procedemento de contratación dos helicópteros do 061, asegurando que os pregos non contiñan requisitos que poidan restrinxir de forma inxustificada a concorrencia.
2. Facilitar información pública e actualizada sobre o estado do proceso de licitación e sobre o contido do recurso xudicial que motivou a suspensión do concurso.
3. Revisar e, se procede, modificar os pregos do concurso para garantir o cumprimento estrito dos principios de contratación pública: competencia, igualdade de trato, non discriminación e proporcionalidade.
4. Establecer mecanismos de control e supervisión sobre este contrato estratéxico, dada a súa importancia para o servizo sanitario público galego e a súa implicación en situacións de emerxencia.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 13:14:34
Nº Rexistro: 52044
Data envio: 27/02/2026 13:14:34.639

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 27/02/2026 13:11:48**

**Paloma Castro Rey na data 27/02/2026 13:11:54**

**Elena Espinosa Mangana na data 27/02/2026 13:12:00**

**Silvia Longueira Castro na data 27/02/2026 13:12:07**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 27/02/2026 13:12:13**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/02/2026 13:14:35**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 13:14:49
Nº Rexistro: 52045
Data envío: 27/02/2026 13:14:49.827

Asinado o día 27/02/2
13:12
Por Elena Espinosa M

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Por José Ramón Gómez Besteiro

# Exposición de motivos

Asinado o día 27/02/2026 ás
13:12
A ausencia dun plan estruturado de inmersión lingüística e adaptación inicial provoca, en moitos casos, que este alumnado quede descolgado do ritmo ordinario da aula, con dificultades para seguir as materias, para establecer vínculos co grupo e para participar activamente na vida escolar. Isto repercute non só no seu rendemento académico, senón tamén no seu benestar emocional e na súa integración social.

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:03:17
Nº Rexistro: 52172
Data envío: 02/03/2026 17:03:17.104

A inclusión non pode limitarse á mera escolarización formal. É necesario articular un plan específico de inmersión inicial que combine aprendizaxe intensiva da lingua vehicular, adaptación curricular flexible, reforzo educativo, orientación psicopedagóxica e acompañamento ás familias. Do mesmo xeito, resulta imprescindible reforzar os equipos docentes e de orientación nos centros con maior concentración de alumnado estranxeiro, garantindo rateos adecuadas e recursos humanos suficientes.

A Xunta de Galicia debe asumir un papel activo na planificación, coordinación e financiamento destas medidas, evitando que a resposta dependa exclusivamente da iniciativa individual dos centros educativos ou da boa vontade do profesorado. A igualdade de oportunidades esixe unha resposta estruturada, estable e avaliable no tempo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar nos Orzamentos da Xunta de Galicia do presente exercicio unha partida orzamentaria específica e suficiente destinada á implantación, desenvolvemento e avaliación dun Plan Galego de Inclusión e Inmersión Inicial do Alumnado Estranxeiro.

Santiago de Compostela, 2 de marzo do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:03:17
Nº Rexistro: 52172
Data envio: 02/03/2026 17:03:17.104

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 02/03/2026 16:55:32**

**Silvia Longueira Castro na data 02/03/2026 16:55:38**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 02/03/2026 16:55:46**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:03:17
Nº Rexistro: 52172
Data envio: 02/03/2026 17:03:17.104

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 17:03:17**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:30:31
Nº Rexistro: 52195
Data envio: 02/03/2026 17:30:31.129



**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa** e **Nazareth Cendán Gayoso,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

## Exposición de motivos

En Portos de Galicia existen proxectos concretos de reparación, ampliación ou mellora de ramplas en portos como Ancados (Boiro), Cabo de Cruz, Castiñeiras, Corrubedo ou Porto do Son, entre outros, todos eles con financiamento previsto e vontade de execución por parte da Xunta de Galicia.

Do mesmo xeito, atópanse tamén pendentes actuacións de especial relevancia e distinta natureza, como o dragado previsto en Espasante, a construción dun dique de abrigo en Viveiro-Celeiro e a instalación dun pantalán en Sada, intervencións de envergadura que resultan fundamentais para a operatividade e seguridade destas instalacións portuarias.

Todas estas actuacións, tanto as relativas ás ramplas como as restantes obras portuarias mencionadas, continúan pendentes da preceptiva autorización da Dirección Xeral da Costa e o Mar, dependente do Goberno de España, sen que ata o momento se teña emitido resolución expresa, o que impide a súa execución.

Esta situación xera unha parálise administrativa inxustificada, xa que, sen os preceptivos informes ou autorizacións estatais, a Xunta non pode acometer as obras, a pesar de contar cos recursos económicos necesarios e tratarse de actuacións de mantemento, reparación ou mellora de infraestruturas existentes, moitas delas esenciais para a actividade económica local.

Asinado o día 02/03/2026 ás 17:30
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

A ausencia de resposta por parte de Costas do Estado non só supón un prexuízo para as administracións autonómicas e locais, senón tamén para os profesionais do mar e para os cidadans en xeral, que ven degradarse unhas infraestruturas básicas sen que exista unha causa técnica ou ambiental debidamente motivada.

Deste xeito, resulta imprescindible instar o Goberno de España a desbloquear de maneira inmediata esta situación, garantindo a cooperación institucional e o respecto ás competencias autonómicas en materia portuaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1.- Resolver de forma inmediata as solicitudes de autorización presentadas ante a Dirección Xeral da Costa e o Mar relativas á reparación, ampliación ou mellora de ramplas en portos de titularidade autonómica en Galicia.

2.- Evitar a paralización inxustificada de actuacións financiadas pola Xunta de Galicia que teñen como obxectivo o mantemento de infraestruturas portuarias existentes e a mellora da seguridade e funcionalidade dos peiraos.

3.- Establecer mecanismos de coordinación e prazos claros de resposta entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia para que os procedementos de autorización en materia de costas non se convertan nun obstáculo permanente para a execución de obras necesarias.

4.- Garantir a colaboración institucional necesaria para que as infraestruturas portuarias galegas poidan manterse en condicións adecuadas, en beneficio da actividade económica, social e tradicional vinculada ao mar".

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:30:31
Nº Rexistro: 52195
Data envio: 02/03/2026 17:30:31.129

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 02/03/2026 17:30:18**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:30:31
Nº Rexistro: 52195
Data envio: 02/03/2026 17:30:31.129

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 17:30:32**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández,** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

Sobre a urxente renovación integral do firme nos treitos máis deteriorados das estradas de titularidade estatal e a substitución das actuacións de reparación parciais por outras estruturais e duradeiras

**Exposición de motivos**

O mal estado das estradas de titularidade estatal na nosa comunidade é un feito que todas as galegas e galegos constatan a diario nos seus desprazamentos por estas vías. Unha circunstancia que evidencia o claro abandono do Goberno de España ás obrigadas tarefas de conservación e mantemento preventivo.

Estas vías de titularidade estatal constitúen un eixo fundamental para a conexión interna entre areas urbanas, industriais e loxísticas de primeiro nivel en Galicia. O seu papel é especialmente relevante para os desprazamentos diarios da cidadanía e tamén para o transporte pesado, o acceso a polígonos empresariais, a mobilidade laboral e a vertebración territorial.

Nos últimos anos -e de maneira especialmente acusada durante este inverno, marcado por episodios de temporais- estas estradas presentan un deterioro moi grave do firme, con fochancas, buratos profundos, fendas, afundimentos, e treitos nos que a circulación resulta perigosa mesmo a velocidades moderadas. A isto sumase a existencia accidentes graves, con feridos de consideración e incluso mortes, evidenciando que non é un problema de confort, se non dun risco letal para a seguridade viaria.

A pesar das reiteradas demandas dos concellos afectados, dos usuarios e os acordos que ao respecto aprobou esta Cámara, o Goberno de España -titular das estradas afectadas- continua limitándose a actuacións puntuais e parcheos temporais que se degradan en cuestión de dias, especialmente tras os episodios de fortes temporais como os acontecidos nos últimos meses.

Asinado o día 02/03/2026 ás 17:56
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:57:55
Nº Rexistro: 52202
Data envio: 02/03/2026 17:57:55.747

PARLAMENTO DE GALICIA

É polo que, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

1. Abordar con carácter urxente a renovación integral do firme nos treitos mais deteriorados das estradas de titularidade estatal, substituíndo os parcheos temporais por actuacións estruturais e duradeiras.

2. Poñer en marcha un plan de investimento plurianual especifico para as estradas, que garanta o seu mantemento axeitado, a mellora da seguridade viaria e a prevención do deterioro acelerado tras episodios de choiva intensa.

3. Reforzar a sinalización, iluminación e medidas de seguridade nos puntos de maior sinistralidade ou risco, especialmente nos treitos de curvas e nas zonas onde o firme presenta afundimentos ou buratos de gran profundidade.

4. Informar periodicamente aos concellos afectados e a Xunta de Galicia sobre o estado das obras, os prazos de execución e as actuacións previstas nas estradas."

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:57:55
Nº Rexistro: 52202
Data envio: 02/03/2026 17:57:55.747

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 02/03/2026 17:56:27**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:57:55
Nº Rexistro: 52202
Data envio: 02/03/2026 17:57:55.747

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 17:57:56**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:03:18
Nº Rexistro: 52204
Data envio: 02/03/2026 18:03:18.540

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cristina Campero Dorado, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández,** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

Sobre a as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España en relación co mal estado da autovía A-52 e a necesidade da súa mellora

**Exposición de Motivos**

A autovía A-52, principal eixo de conexión entre Galicia e a Meseta, constitúe unha infraestrutura estratéxica para a provincia de Ourense e para o conxunto de Galicia. Porén, ao seu paso pola Limia, comarca de referencia agrogandeira na nosa Comunidade, presenta un estado impropio dunha vía de alta capacidade do Século XXI.

Fochancas reiteradas, firme cuarteado, deformacións perigosas e deficiencias no drenaxe son hoxe a realidade diaria que padecen milleiros de usuarios, representando un risco na seguridade viaria que provoca un deterioro nos vehículos así como un aumento dos accidentes de tráfico.

Esta situación é consecuencia directa da falta de mantemento preventivo por parte do Goberno de Pedro Sánchez, que volve demostrar que Galicia non está entre as súas prioridades. O Ministerio dirixido por Óscar Puente non pode seguir ignorando unha realidade que padecen a diario milleiros de condutores.

O que se reclama non é propaganda nin anuncios baleiros, senón obras e investimentos reais.

Asinado o día 02/03/2026 ás 18:02
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e traslade as seguintes demandas:

1º- Garantir dotación orzamentaria suficiente e fixar un calendario público de actuacións para a mellora da autovía A-52, no seu percorrido pola Comunidade autónoma de Galicia.

2º- Executar, con carácter inmediato, unha reparación integral do firme da A-52, ao seu paso pola comarca da Limia, co obxecto de ofrecer unha solución estrutural e duradeira ao mal estado que presenta esta vía"

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:03:18
Nº Rexistro: 52204
Data envio: 02/03/2026 18:03:18.540

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/03/2026 18:02:39

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:03:18
Nº Rexistro: 52204
Data envio: 02/03/2026 18:03:18.540

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 18:03:19**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:05:27
Nº Rexistro: 52206
Data envío: 02/03/2026 18:05:27.397

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Nicole Grueira Fernández, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Nazareth Cendán Gayoso, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández,** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Sobre o compromiso firme coa defensa dos valores democráticos, a dignidade e memoria das vítimas do terrorismo de ETA

## Exposición de Motivos

O terrorismo da banda ETA causou durante décadas unha profunda ferida na sociedade española, deixando máis de 853 persoas asasinadas, entre elas 68 galegos, milleiros de feridos e innumerables familias marcadas para sempre polo sufrimento e pola inxustiza.

Entre as vítimas cómpre lembrar con especial emoción e respecto a figura de Miguel Ángel Blanco, concelleiro de Ermua asasinado en 1997 por representar ao Partido Popular. Un vasco con raíces galegas, concretamente na provincia de Ourense, de onde eran os seus pais que, como tantas familias galegas nos anos 70, tiveron que emigrar na procura de novas oportunidades. A súa traxectoria simboliza o compromiso valente dunha xeración de mozos que decidiron participar na vida pública cando facelo implicaba poñer en risco a propia vida e a das súas familias. Representa, así, a memoria dunha xeración que sufriu o terror de ETA e, ao mesmo tempo, a firmeza dunha sociedade que non se rendeu.

O seu secuestro e posterior asasinato marcaron un antes e un despois na loita democrática contra o terrorismo etarra. Aquel crime vil provocou unha mobilización sen precedentes da sociedade española en defensa da liberdade, da convivencia e do Estado de Dereito. Millóns de cidadáns saíron ás rúas para dicir alto e claro que a violencia nunca pode impoñerse á vontade democrática dun pobo.

Asinado o día 02/03/2026 ás 18:04
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Neste 23 de marzo de 2026 cúmprense nove anos do seu nomeamento como presidente honorífico de Nuevas Generaciones, unha data significativa para reivindicar o seu legado político e humano. A súa figura debe permanecer viva como símbolo do que nunca pode volver ocorrer. Recordalo non é un exercicio de nostalxia, senón un deber moral e democrático, porque a memoria das vítimas constitúe un piar esencial da nosa democracia. Sen memoria non hai xustiza e sen xustiza non hai convivencia democrática.

A transmisión ás novas xeracións dos valores de liberdade, pluralismo, respecto e defensa do Estado de Dereito resulta imprescindible para evitar que a violencia volva atopar espazo na nosa sociedade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia acorda como resolución:

1º- Ratificar o seu compromiso firme coa defensa dos valores democráticos, coa dignidade das vítimas e coa memoria dunha etapa da nosa historia que non debe ser esquecida, para que nunca máis a violencia pretenda substituír á palabra nin a intolerancia pretenda impoñerse á liberdade.

2º- Instar á Xunta de Galicia a realizar as accións oportunas destinadas a manter viva a memoria das vítimas do terrorismo de ETA, especialmente entre a xuventude e trasladar ao Goberno de España esta mesma demanda.”

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:05:27
Nº Rexistro: 52206
Data envio: 02/03/2026 18:05:27.397

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 02/03/2026 18:04:35**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:05:27
Nº Rexistro: 52206
Data envio: 02/03/2026 18:05:27.397

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 18:05:28

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González,** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Sobre o uso de pezas, como o burka e niqab,
así como outros elementos que oculten o rostro en espazos públicos

**<u>Exposición de Motivos</u>**

A dignidade da persoa, o libre desenvolvemento da personalidade e a igualdade entre mulleres e homes constitúen o fundamento da orde política e da paz social conforme ao artigo 10 da Constitución Española. Estes principios non son meras declaracións programáticas, senón mandatos dirixidos a todos os poderes públicos para a súa efectiva protección.

O artigo 14 da Constitución consagra o principio de igualdade ante a lei sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión ou outra circunstancia persoal ou social. Así mesmo, o artigo 9.2 do mesmo Texto Constitucional impón aos poderes públicos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo sexan reais e efectivas.

A igualdade entre mulleres e homes e o respecto á súa dignidade non é negociable nunha sociedade democrática. Homes e mulleres somos libres e iguais en dereitos e en obrigacións e iso debe poñerse en valor en todo momento e circunstancia.

Neste marco constitucional, o uso de pezas como o burka e o niqab ou outros elementos que oculten total ou parcialmente o rostro en espazos públicos expón cuestións relevantes desde a perspectiva da identificación persoal, a seguridade, a protección efectiva dos dereitos fundamentais e, por tanto, a convivencia democrática.

Asinado o día 02/03/2026 ás 18:06
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:07:16
Nº Rexistro: 52208
Data envío: 02/03/2026 18:07:16.353

A utilización do veo integral ou outras pezas que cubran o rostro constitúe, ademais, un símbolo de sometemento e a institucionalización da invisibilidade feminina: unha muller obrigada a camiñar sen rostro, sen identidade recoñecible. Non se trata dunha mera cuestión cultural ou relixiosa, senón dunha práctica que pode implicar situacións de presión ou subordinación contrarias aos dereitos fundamentais e á dignidade das mulleres.

Os veos integrais as denigran e a súa normalización ao amparo do relativismo cultural vulnera un principio moral básico. A cultura non pode borrar ás mulleres nin negarlles algo tan esencial como a súa identidade. En España a muller non se somete a un marido, a un irmán ou a unha comunidade, senón unicamente á lei que nos iguala a todos.

Por iso, a defensa da igualdade real esixe rexeitar calquera situación que represente subordinación, control ou negación da identidade da muller no espazo público. A liberdade esixe ausencia de coacción e tamén a posibilidade de decidir como vestirse e relacionarse cos demais. Cando unha muller vese obrigada ou presionada pola súa contorna para utilizar un veo integral que a invisibiliza socialmente, vulnérase o seu dereito para expresarse libremente e a ser recoñecida como individuo con identidade propia.

Así mesmo, esta práctica pode supoñer unha forma de control social e cultural que limita a participación plena das mulleres na vida pública e contribúe a perpetuar situacións de desigualdade.

Xunto a esta dimensión de igualdade e dignidade, a ocultación do rostro expón problemas obxectivos en materia de identificación e funcionamento dos servizos públicos. A identificación visual do rostro constitúe un requisito funcional en múltiples ámbitos da actuación administrativa. A Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común, esixe a identificación fidedigna nas relacións coa Administración. Pola súa banda, a Lei Orgánica 4/2015, de Protección da Seguridade Cidadá, habilita ás Forzas e Corpos de Seguridade para requirir a identificación das persoas cando existan razóns fundadas para iso. A ocultación do rostro dificulta obxectivamente esa identificación e pode afectar ao normal funcionamento dos servizos públicos, á prevención do delito, á protección dos dereitos de terceiros e ao mantemento da convivencia.

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Todo iso conduce á necesidade de establecer un marco normativo que permita compatibilizar o exercicio dos dereitos fundamentais coas esixencias de seguridade, identificación, orde pública e convivencia democrática, promovendo unha contorna no que todas as persoas poidan desenvolverse e desenvolverse libremente.

En base ao anterior, o Partido Popular presentou nas Cortes Xerais unha Proposición de Lei Orgánica co obxecto de regular en España o uso do veo integral —burka e niqab— e outros elementos que oculten, total ou parcialmente, o rostro en espazos públicos ou de acceso público, en defensa dos principios de dignidade, liberdade individual e igualdade entre mulleres e homes. A iniciativa enmárcase, así mesmo, nunha política de promoción activa dos dereitos das mulleres e de prevención de calquera forma de discriminación ou coacción que poida limitar a súa participación plena na vida pública e contribuír á súa invisibilización social.

Esta medida non constitúe unha iniciativa illada, senón que responde a unha preocupación crecente en numerosos países da nosa contorna. Francia e Bélxica adoptaron regulacións en 2011; Países Baixos e Bulgaria en 2016; Austria en 2017; Dinamarca en 2018; e Suíza en 2022. En España, o Senado xa aprobou en xuño de 2010 unha moción instando o Goberno a impulsar as modificacións legais necesarias nesta materia.

A iniciativa atopa pleno encaixe no noso ordenamento xurídico e no marco internacional de protección dos dereitos fundamentais. O artigo 16.1 da Constitución garante a liberdade ideolóxica e relixiosa, cuxo exercicio ten como límite a protección dos dereitos dos demais e da orde pública. Así mesmo, a Lei Orgánica 3/2007 establece a igualdade efectiva entre mulleres e homes como principio informador do ordenamento xurídico.

A nivel internacional, diversos instrumentos consagran o principio de igualdade e non discriminación entre mulleres e homes e impoñen aos Estados a obrigación de adoptar medidas para facelo efectivo, entre eles a Declaración Universal de Dereitos Humanos, o Convenio Europeo de Dereitos Humanos, o Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos, a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (CEDAW), a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea e o Convenio de Istambul.

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, en particular a partir da sentenza no asunto S.A.S. contra Francia (1 de xullo de 2014), recoñeceu que os Estados poden establecer limitacións ao uso de pezas que oculten o rostro sempre que ditas restricións estean previstas por lei, persigan fins lexítimos —como a seguridade, a orde pública ou a protección dos dereitos e liberdades dos demais— e resulten necesarias e proporcionadas nunha sociedade democrática.

A iniciativa presentada cumpre estas esixencias. De conformidade cos artigos 53.1 e 81 da Constitución, adopta a forma de Lei Orgánica e establece unha regulación proporcionada, limitada a aqueles supostos nos que a ocultación do rostro dificulta a identificación e afecta á convivencia, á seguridade e ao correcto funcionamento dos servizos públicos, especialmente en ámbitos como o educativo, sanitario ou administrativo.

Resulta necesario incorporar ao ordenamento xurídico unha regulación clara do uso de elementos que oculten o rostro en espazos públicos ou de acceso público, definindo o seu ámbito de aplicación, as correspondentes excepcións e un réxime sancionador proporcionado, garantindo ao mesmo tempo a seguridade xurídica e a súa aplicación uniforme en todo o territorio nacional.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

> “O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladar as seguintes demandas:
>
> 1ª. – Apoiar a Proposición de Lei Orgánica presentada polo Grupo Popular nas Cortes Xerais que pretende regular o uso de pezas como o burka e o niqab e outros elementos que cubran de maneira integral o rostro en espazos públicos, prohibindo aqueles que dificulten a visibilidade do mesmo, tanto por razóns de seguridade como de preservación do dereito á dignidade humana e, particularmente, dos dereitos da muller.
>
> 2ª. – Contemplar tamén as modificacións legais necesarias para que, no ámbito das dependencias, instalacións e edificios de titularidade ou de acceso público, se permita a identificación visual do rostro, con independencia da súa orixe, motivación ou significado, e se garanta a proporcionalidade e pleno respecto aos dereitos fundamentais, e resulte imprescindible para:

1. A prestación de servizos públicos.
2. A verificación de identidade.
3. A seguridade de usuarios e empregados públicos.
4. O normal funcionamento dos servizos municipais.

Excluíndo desta previsión os supostos debidamente acreditados por:

1. Razóns médicas, sanitarias ou hixiénicas
2. Esixencias laborais ou de protección profesional
3. Actividades culturais, festivas ou tradicionais autorizadas
4. Condicións meteorolóxicas adversas e
5. Outros supostos expresamente previstos por norma con rango de lei.”

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:07:16
Nº Rexistro: 52208
Data envio: 02/03/2026 18:07:16.353

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 02/03/2026 18:06:27**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:07:16
Nº Rexistro: 52208
Data envio: 02/03/2026 18:07:16.353

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 18:07:17**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:10:32
Nº Rexistro: 52212
Data envío: 02/03/2026 18:10:32.064

PSG PSOE

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

# Exposición de motivos

O Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) constitúe un centro sanitario de referencia no sistema público galego de saúde, no que a correcta prestación dos servizos auxiliares resulta esencial para garantir condicións adecuadas de salubridade, seguridade e funcionamento asistencial.

O contrato do servizo de limpeza do CHUS ten unha incidencia directa na calidade da atención sanitaria, na prevención de infeccións e no correcto desenvolvemento da actividade hospitalaria. A execución deste contrato debe axustarse estritamente ás condicións técnicas e económicas establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas, así como ás melloras ofertadas pola empresa adxudicataria.

O seguimento técnico e os mecanismos de control aplicados pola Administración sanitaria deben asegurar o cumprimento íntegro das obrigas contractuais e a defensa do interese público.

Asinado o día 02/03/2026 ás 18:08
Por Elena Espinosa Mangana
Asinado o día 02/03/2026 ás 18:08
Por Patricia Iglesias Rey
Asinado o día 02/03/2026 ás 18:08
Por Aitor Bouza Manso
CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:10:32
Nº Rexistro: 52212
Data envio: 02/03/2026 18:10:32.064

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un informe sobre o grao de cumprimento do contrato vixente do servizo de limpeza do CHUS, detallando posibles incumprimentos detectados e as medidas adoptadas.
2. Indicar se se están a cumprir as condicións técnicas, económicas e laborais establecidas nos pregos e nas ofertas presentadas.
3. Remitir ao Parlamento galego a relación dos informes técnicos de seguimento emitidos desde a formalización do contrato, especificando as súas conclusións.
4. Informar sobre modificacións contractuais, prórrogas ou revisións económicas realizadas, indicando a súa xustificación e impacto orzamentario.

Santiago de Compostela, 2 de marzo do 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:10:32
Nº Rexistro: 52212
Data envio: 02/03/2026 18:10:32.064

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 02/03/2026 18:08:41**

**Patricia Iglesias Rey na data 02/03/2026 18:08:47**

**Elena Espinosa Mangana na data 02/03/2026 18:08:54**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 02/03/2026 18:09:01**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:10:32
Nº Rexistro: 52212
Data envio: 02/03/2026 18:10:32.064

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 18:10:32**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 09:56:08
Nº Rexistro: 52233
Data envio: 03/03/2026 09:56:08.126

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nazareth Cendán Gayoso, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

**Exposición de motivos**

A realidade da nosa frota pesqueira está marcada polos anos de antigüidade, que chegan mesmo a superar os 40 anos, ademais da necesidade de acometer un proceso de descarbonización, mellora da eficiencia e aumento da capacidade.

O sector precisa incentivos e axudas para facelo e facilidades á hora de poder dispoñer de máis espazo, clave para facer as embarcacións máis seguras e cómodas para as tripulacións. Unha realidade que sofre especialmente a flota de arrastre, e que choca cos plans da Comisión Europea, que aposta por descarbonizar o sector -que depende case exclusivamente de motores de combustión interna para traballar-, mentres pecha a porta ás subvencións a pesar de ser imprescindibles.

A isto hai que sumar unha lexislación comunitaria que ameaza con afogar máis ao sector, dado que o paquete lexislativo *Fit for 55* non impón os mesmos requisitos ao sector pesqueiro que á mariña mercante e que hai regulacións moi exixentes en canto ás exencións fiscais ao diésel no marco da Organización Marítima Internacional e da Organización Mundial do Comercio.

No noso país, o Plan de Recuperación e Resiliencia e os Fondos Next Generation convertéronse nunha oportunidade perdida para acometer esta renovación ante a negativa do Goberno de España, tamén recorrente, de incluír dentro das liñas de actuación un Perte específico para o sector da pesca que puidese acometer este proceso de renovación da frota pesqueira.

Asinado o día 03/03/2026 ás 09:55
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A única iniciativa para favorecer a competitividade do sector limítase a unha liña para reforzar a transformación de produtos da pesca e a acuicultura, dotada cunha cantidade de 40M€, claramente insuficiente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1.- Que poña en marcha medidas de apoio económico ao sector marítimo-pesqueiro para que poida afrontar a renovación da súa flota e avanzar cara á súa descarbonización, en sintonía co que está a solicitar o Parlamento Europeo.

2.- Que demande a Bruxelas o desenvolvemento de medidas que combinen, entre outras cuestións, a reforma normativa, a internalización gradual dos custos externos, os axustes das normas de tonelaxe para dar cabida aos combustibles alternativos e as medidas para gravar as importacións de terceiros países.

3.- Que demande a Bruxelas a posta en marcha dun mecanismo financeiro específico co que reforzar o financiamento destinado a facilitar a descarbonización dos buques do sector marítimo-pesqueiro ante o devir da folla de roteiro europea para a transición enerxética da flota".

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 09:56:08
Nº Rexistro: 52233
Data envio: 03/03/2026 09:56:08.126

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/03/2026 9:55:55**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 09:56:08
Nº Rexistro: 52233
Data envio: 03/03/2026 09:56:08.126

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/03/2026 9:56:08**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 09:58:09
Nº Rexistro: 52235
Data envio: 03/03/2026 09:58:09.430

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nazareth Cendán Gayoso, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

**Exposición de motivos**

Durante os últimos anos, a frota pesqueira española expuxo de forma recorrente tanto ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación como ao Instituto de Crédito Oficial, a necesidade de acometer a renovación da frota.

Recentemente, no mes de xaneiro, o Goberno central anunciou a creación do fondo España Crece, que recollerá a testemuña dos fondos Next Generation EU, que finalizan o próximo 31 de agosto tras cumprirse seis anos desde a súa implantación para contrarrestar os efectos da pandemia.

*España Crece* está dotado cunha inxección de 10.500 M€ do *Plan de Recuperación*, co que o Goberno central prevé mobilizar 60.000 M€ a través do Instituto de Crédito Oficial e a alcanzar ao redor de 120.000 M€ de investimento total, combinando capital público e privado.

O fondo priorizará os sectores crave para mellorar a produtividade da economía española, como vivenda, enerxía, dixitalización, IA, computación cuántica, reindustrialización, economía circular, infraestrutura, auga e saneamento ou seguridade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Asinado o día 03/03/2026 ás 09:57
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 09:58:09
Nº Rexistro: 52235
Data envio: 03/03/2026 09:58:09.430

PARLAMENTO DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que no marco do fondo España Crece, poña en marcha unha liña de financiamento adecuada coa que acompañar ás empresas do mar ao longo de todo o seu ciclo de vida, en especial, ás pemes; e impulsar o investimento no proceso de modernización e descarbonización da flota, ou en proxectos transformadores que favorezan a transición enerxética ou a innovación tecnolóxica a bordo".

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 09:58:09
Nº Rexistro: 52235
Data envio: 03/03/2026 09:58:09.430

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/03/2026 9:57:58**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/03/2026 9:58:10**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 11:34:34
Nº Rexistro: 52263
Data envío: 03/03/2026 11:34:34.248

Asinado o día 03/03/2 11:32 Por Aitor Bouza Mans

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Silvia Longueira Castro, Carlos López Font** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Asinado o día 03/03/2026 ás 11:31 Por Carlos López Font

# Exposición de motivos

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de telecomunicacións e sistemas enerxéticos non só é crucial para fortalecer a nosa economía, senón tamén para garantir a cohesión social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento sostible de todo o territorio, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

A mobilidade é un dos principais problemas do Concello de Oleiros, un dos máis importantes concellos da área metropolitana da Coruña. O deficiente servizo de transporte público autonómico sumado ao inexistente municipal e a incapacidade, cada día maior, das infraestruturas viarias do concello, converten os accesos a Oleiros, ás súas praias, os desprazamentos dos veciños ás súas casas, e as innumerables urbanizacións, en ratoneiras nas que se producen continuos colapsos circulatorios, con constantes riscos e perdas de tempo das familias e grandes prexuízos para as economías persoais e empresariais.

Asinado o día 03/03/2026 ás 11:31 Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 11:34:34
Nº Rexistro: 52263
Data envio: 03/03/2026 11:34:34.248

É urxente pois a necesidade de mellora do transporte público por parte da Xunta, que contribúa a unha redución do uso do vehículo privado, pero tamén o son executar varias e moi necesarias obras públicas pendentes por parte da Xunta e, de inmediato, do mantemento da rede actual de estradas moi castigadas este inverno.

Os orzamentos da Xunta para o 2026 so contemplan 10.000€ para Oleiros, un dos 10 concellos máis grandes de Galicia, son inxustificables, cando para concellos máis pequenos hai investimentos millonarios.

Vendo o estado actual das vías, especialmente das AC-183 e AC-173, resulta obvio que hai que facer obras de mellora importantes, non simples parcheos porque de non facelo con rigor e en profundidade volverán a aparecer estes problemas e polo tanto serían cartos públicos perdidos.

Urxe pois a elaboración dun informe das eivas detectadas nestas vías e actuar ca urxencia que a lexislación de contratos permite dado o risco real existente para persoas e bens.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a mellorar a seguridade viaria da estrada autonómica AC-173 en O Couto, Oleiros.

Santiago de Compostela, 3 de marzo do 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 11:34:34
Nº Rexistro: 52263
Data envio: 03/03/2026 11:34:34.248

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 03/03/2026 11:31:48**

**Carlos López Font na data 03/03/2026 11:31:54**

**Aitor Bouza Manso na data 03/03/2026 11:32:01**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 03/03/2026 11:32:08**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 11:34:34
Nº Rexistro: 52263
Data envio: 03/03/2026 11:34:34.248

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/03/2026 11:34:35**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 11:58:12
Nº Rexistro: 52268
Data envío: 03/03/2026 11:58:12.650

Asinado o día 03/03/2026 ás 11:55
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 03/03/2026 ás 11:55
Por Carlos López Font

Asinado o día 03/03/2026 ás 11:55
Por Silvia Longueira Castro

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Silvia Longueira Castro, Carlos López Font** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

# Exposición de motivos

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de telecomunicacións e sistemas enerxéticos non só é crucial para fortalecer a nosa economía, senón tamén para garantir a cohesión social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento sostible de todo o territorio, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

A mobilidade é un dos principais problemas do Concello de Oleiros, un dos máis importantes concellos da área metropolitana da Coruña. O deficiente servizo de transporte público autonómico sumado ao inexistente municipal e a incapacidade, cada día maior, das infraestruturas viarias do concello, converten os accesos a Oleiros, ás súas praias, os desprazamentos dos veciños ás súas casas, e as innumerables urbanizacións, en ratoneiras nas que se producen continuos colapsos circulatorios, con constantes riscos e perdas de tempo das familias e grandes prexuízos para as economías persoais e empresariais.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 11:58:12
Nº Rexistro: 52268
Data envío: 03/03/2026 11:58:12.650

É urxente pois a necesidade de mellora do transporte público por parte da Xunta, que contribúa a unha redución do uso do vehículo privado. A situación de saturación actual, falta de liñas e frecuencias axeitadas fan que a xente recorra ao vehículo particular saturando máis as nosas xa colapsadas estradas.

Os orzamentos da Xunta para o 2026 so contemplan 10.000 € para Oleiros, un dos 10 concellos máis grandes de Galicia, son inxustificables, cando para concellos máis pequenos hai investimentos millonarios.

Compre pois esixir a mellora do transporte metropolitano dun dos maiores concellos de Galicia de inmediato. Máis frecuencias e rutas axeitadas á demanda actual.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Promover a resolución do transporte metropolitano na área de influencia de Oleiros, dando unha resposta aos miles de persoas que diariamente están a desprazarse aos diferentes concellos da área metropolitana, en especial A Coruña.
2. Resolver para o vindeiro trimestre os problemas que diariamente afectan as frecuencias e liñas de transporte para os veciños de Oleiros, xa que tornouse unha situación inverosímil o feito de ser usuario do transporte por estrada.

Santiago de Compostela, 3 de marzo do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 11:58:12
Nº Rexistro: 52268
Data envio: 03/03/2026 11:58:12.650

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 03/03/2026 11:55:37**

**Carlos López Font na data 03/03/2026 11:55:43**

**Aitor Bouza Manso na data 03/03/2026 11:55:49**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 03/03/2026 11:55:56**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 11:58:12
Nº Rexistro: 52268
Data envío: 03/03/2026 11:58:12.650

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/03/2026 11:58:13**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 12:03:15
Nº Rexistro: 52272
Data envío: 03/03/2026 12:03:15.734

Asinado o día 03/03/2
11:55
Por Elena Espinosa M

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Aitor Bouza Manso**, **Patricia Iglesias Rey** e **Maria Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5ª.**

# Exposición de motivos

O Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) constitúe un centro sanitario de referencia no sistema público galego de saúde, no que a correcta prestación dos servizos auxiliares resulta esencial para garantir condicións adecuadas de salubridade, seguridade e funcionamento asistencial.

O servizo de seguridade do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) resulta esencial para garantir a protección das instalacións, do persoal sanitario, dos pacientes e das persoas usuarias. A execución do contrato debe axustarse ás condicións técnicas relativas a efectivos, horarios, medios materiais e obrigas laborais establecidas nos pregos. A supervisión e control da prestación do servizo constitúe unha obriga da Administración para garantir a seguridade nun centro sanitario de alta complexidade.

Asinado o día 03/03/2026 ás
11:55
Por Patricia Iglesias Rey

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia:

Asinado o día 03/03/2026 ás
11:55
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 12:03:15
Nº Rexistro: 52272
Data envio: 03/03/2026 12:03:15.734

1. Elaborar un informe e presentalo ante o Parlamento, no prazo de dous meses, sobre o grao de cumprimento do contrato de servizo de seguridade do CHUS.

2. Indicar se se están a cumprir as condicións relativas a efectivos, horarios e medios materiais establecidos nos pregos.

3. Remitir a relación dos informes técnicos de seguimento emitidos.

Santiago de Compostela, a 3 de Marzo de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / @socialistas_gal

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 12:03:15
Nº Rexistro: 52272
Data envio: 03/03/2026 12:03:15.734

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 03/03/2026 11:55:33**

**Patricia Iglesias Rey na data 03/03/2026 11:55:39**

**Elena Espinosa Mangana na data 03/03/2026 11:55:46**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 03/03/2026 11:55:53**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 12:03:15
Nº Rexistro: 52272
Data envio: 03/03/2026 12:03:15.734

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/03/2026 12:03:16**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 12:16:08
Nº Rexistro: 52282
Data envío: 03/03/2026 12:16:08.155

PSG DE PSOE

Asinado o día 03/03/2
12:14
Por Elena Espinosa M

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e deputadas, **Aitor Bouza Manso**, **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5ª**.

# Exposición de motivos

Asinado o día 03/03/2026 ás
12:13
Por Patricia Iglesias Rey

O Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) constitúe un centro sanitario de referencia no sistema público galego de saúde, no que a correcta prestación dos servizos auxiliares resulta esencial para garantir condicións adecuadas de salubridade, seguridade e funcionamento asistencial.

O servizo de cafetería e catering do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) presta atención tanto a pacientes como a profesionais e persoas usuarias do centro. A correcta execución deste contrato debe garantir condicións de calidade, seguridade alimentaria, trazabilidade dos produtos e cumprimento das obrigas establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas. Nun ámbito sanitario, o control destas condicións resulta especialmente relevante. A Administración ten a responsabilidade de verificar que a empresa adxudicataria cumpre integramente coas obrigas contractuais e que os mecanismos de seguimento e inspección son suficientes.

Asinado o día 03/03/2026 ás
12:13
Por Aitor Bouza Manso

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia:

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 12:16:08
Nº Rexistro: 52282
Data envio: 03/03/2026 12:16:08.155

PSG DE PSOE

1. Elaborar un informe e presentalo ante o Parlamento, no prazo de 2 meses, sobre o grao de cumprimento do contrato de cafetería e catering do CHUS.

2. Indicar se se están a cumprir as condicións técnicas, sanitarias e económicas establecidas nos pregos e nas ofertas presentadas.

3. Remitir relación dos informes técnicos e sanitarios de seguimento emitidos desde a formalización do contrato.

4. Informar sobre modificacións contractuais, prórrogas, revisións económicas ou penalizacións impostas.

Santiago de Compostela, a 3 de Marzo de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 03/03/2026 12:13:48**

**Patricia Iglesias Rey na data 03/03/2026 12:13:55**

**Elena Espinosa Mangana na data 03/03/2026 12:14:03**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 03/03/2026 12:14:11**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/03/2026 12:16:09**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 13:20:36
Nº Rexistro: 52285
Data envío: 03/03/2026 13:20:36.494

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 03/03/2 13:18
Por Iago Suárez Fern

Asinado o día 03/03/2026 ás 13:18
Por Óscar Insua Lema

Asinado o día 03/03/2026 ás 13:18
Por Saleta Chao Rivas

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Saleta Chao Rivas** e dos deputados **Oscar Insua Lema** e **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, relativa ao financiamento de instalacións deportivas no concello de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste 2026 cúmprense 15 anos desde os últimos investimentos deportivos de relevancia realizados pola Xunta de Galiza no Concello de Santiago de Compostela, que foron a construción do Pavillón das Fontiñas e do Pavillón da Pontepedriña, proxectos que, en todo caso, viñan de mandatos anteriores.

Ao longo destes anos repetíronse as peticións de colaboración da Xunta de Galiza no cofinanciamento de distintas instalacións deportivas da capital do país, nomeadamente para o Plan de Rehabilitación Integral do Estadio Verónica Boquete e a súa contorna, presentado na Secretaría Xeral para o Deporte e que só obtivo a negativa da Xunta de Galiza a colaborar nun investimento que actualmente desenvolven nunha primeira fase Concello e Deputación da Coruña.

O Estadio Verónica Boquete de San Lázaro inaugurouse en xuño de 1993. Foi froito dun convenio entre o Concello de Santiago, a Xunta de Galiza e o Consello Superior de Deportes, baixo unha visión compartida de impulsar o deporte compostelán e galego coa construción dun espazo multiusos de especial relevancia para o atletismo.

Esta instalación icónica na que a SD Compostela disputou as tempadas en primeira división, naceu xa con numerosas deficiencias estruturais que ao longo dos anos



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 13:20:36
Nº Rexistro: 52285
Data envio: 03/03/2026 13:20:36.494

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

foron abordadas con medidas puntuais que non serviron para frear nin reverter o deterioración da instalación.

A mediados de 2024 o Concello de Santiago de Compostela analizou a situación desta infraestrutura e desenvolveu unha proposta de Plan integral de rehabilitación do Estadio Verónica Boquete e da súa contorna, que presentou a dúas institucións: Xunta de Galiza e Deputación da Coruña. Mentres a resposta do ente provincial foi positiva para cofinanciar as actuacións enmarcadas dentro da primeira fase deste plan, a administración galega pechou a porta a colaborar con estas actuacións. As necesidades de financiamento desta infraestrutura deportiva transcenden a capacidade económica do ente municipal, polo que só se pode abordar de forma estrutural coa colaboración de outras administracións.

Ao longo dos últimos anos, a Xunta de Galiza ten realizado investimentos importantes noutras cidades e en concellos por todo o país, tanto de construción de novas instalacións deportivas como de actuacións de reforma, integral ou parcial, de campos de fútbol e pavillóns por toda Galiza. Existindo esta vontade de colaboración cos concellos, ou incluso de iniciativa propia da administración galega, para actuar en instalacións deportivas de todo o país, non se entende esa actitude de abandono cara o tecido deportivo compostelán.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Retomar a colaboración institucional para o acondicionamento de instalacións deportivas no Concello de Santiago de Compostela.



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Reservar fondos no orzamento da Xunta de Galiza para cofinanciar as actuacións necesarias para a rehabilitación integral do Estadio Verónica Boquete de San Lázaro no Concello de Santiago de Compostela".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 13:20:36
Nº Rexistro: 52285
Data envio: 03/03/2026 13:20:36.494

**Asinado dixitalmente por:**

**Saleta Chao Rivas na data 03/03/2026 13:18:35**

**Óscar Insua Lema na data 03/03/2026 13:18:44**

**Iago Suárez Fernández na data 03/03/2026 13:18:49**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/03/2026 13:18:58**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 13:20:36
Nº Rexistro: 52285
Data envío: 03/03/2026 13:20:36.494

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/03/2026 13:20:38**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 16:43:42
Nº Rexistro: 52291
Data envio: 03/03/2026 16:43:42.520

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o Bono Coidado no Fogar na comarca de Deza, Tabeirós e Terra de Montes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise demográfica que sofre Galiza cobra maior intensidade nas zonas de interior, onde os concellos rurais se baleiran a grande velocidade, cunha poboación claramente minguada. É o caso da comarca do Deza, Tabeirós e Terra de Montes, onde as grandes vilas conservan os 20.000 habitantes con pouca marxe para perder a categoría e o resto de concellos, de menor tamaño, ven diminuír a súa poboación co paso dos anos de xeito grave. Dozón, Agolada e Rodeiro contabilizan xa, menos de 3000 habitantes, mentres o resto da comarca, exceptuando A Estrada e Lalín, se atopa por debaixo dos 10.000.

Este devalo poboacional implica un envellecemento cuxa taxa en Galiza supera o 220%, mentres no resto do estado se sitúa no 148%, amosando de xeito claro a necesidade de aplicar políticas sociais que teñan en conta a nosa realidade presente e futura, centrando os esforzos en que a atención aos nosos maiores se vexa garantida. Concretando, na comarca citada, temos unha porcentaxe de persoas maiores de 65 anos que supera en todos os concellos o dato galego, que se sitúa no 26,88%, algo inferior en Pontevedra cun 24,72%. Así, tanto Rodeiro coma Vila de Cruces, Agolada, Dozón ou Forcarei superan o 30% amplamente, este último 10 puntos porcentuais por enriba, o que é preocupante a nivel social e económico nestes concellos, sen esquecer a imaxe



Asinado o día 03/03/2026 ás 16:41
Por Olalla Rodil Fernández
Asinado o día 03/03/2026 ás 16:41
Por Ariadna Fernández González
CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 16:43:42
Nº Rexistro: 52291
Data envio: 03/03/2026 16:43:42.520

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que trasladan do noso rural, que coas estatísticas na man estará nunha situación de despoboamento máis grave do que xa presenta en poucos anos.

Unha vez analizados os datos evidénciase que as políticas de atención ao rural deixan un regueiro de aldeas e concellos cunha densidade poboacional acorde á atención prestada polo goberno galego e que se traduce nun abandono masivo destas zonas, co que iso pode significar no futuro en canto ao deterioro do territorio deshabitado. Non entanto, sabendo as nosas carencias e cas cifras na man, o que si podemos ver con claridade é que nestas zonas, a atención aos nosos maiores é chave para o desenvolvemento das familias na súa totalidade, feito que deriva na análise da estrutura de atención á dependencia das comarcas en cuestión.

A falla de prazas en centros de día e residencias públicas causa graves efectos na zona, con persoas maiores que residen a grande distancia da súa casa pola falla de atención preto dela e cun servizo do SAF completamente infrafinanciado en todos os concellos de Deza, Tabeirós e Terra de Montes que da lugar a esperas que nalgúns casos rematan despois do falecemento dos potenciais usuarios. Todo iso ocasiona finalmente o aumento exponencial das solicitudes do chamado Bono Coidado no Fogar, que a Xunta de Galiza puxo en marcha a finais de 2023 con críticas dende diversos sectores, un deles o do Traballo Social.

Na actualidade a demanda deste servizo aumenta na comarca, non tanto porque sexa de grande utilidade, xa que a persoa dependente recibe pouco mais de 400 euros por ser coidada no seu domicilio por unha persoa da familia ou próxima, senón porque non hai outros servizos dos que dispoñer para suplilo. Malia considerar esta escolla por parte do goberno da Xunta de Galiza coma unha forma de exercer a liberdade, non se pode elixir se non hai máis opcións ca unha, de xeito que se evidencia a nosa carencia grave de prazas residenciais públicas e un SAF que permita unha mínima conciliación familiar, sen que as mulleres, principais coidadoras, carguen ao lombo coa dependencia



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de quen as arrodea, restándolles capacidade de desenvolvemento laboral, familiar e social.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dotar á comarca do Deza, Tabeirós e Terra de Montes, das prazas públicas de centro de día e residencia que se precisan, cun estudo previo que valore as necesidades da comarca en cuestión en termos de dependencia."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 16:43:42
Nº Rexistro: 52291
Data envio: 03/03/2026 16:43:42.520

**Asinado dixitalmente por:**

**Ariadna Fernández González na data 03/03/2026 16:41:16**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/03/2026 16:41:22**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 16:43:42
Nº Rexistro: 52291
Data envio: 03/03/2026 16:43:42.520

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/03/2026 16:43:43**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52306
Data envío: 04/03/2026 09:28:50.264

Asinado o día 04/03/2026 ás 09:20
Por Elena Espinosa M

Asinado o día 04/03/2026 ás 09:20
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 04/03/2026 ás 09:20
Por Aitor Bouza Manso

PSG PSOE

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e deputadas, **Aitor Bouza Manso**, **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5ª**.

# Exposición de motivos

O Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) constitúe un centro sanitario de referencia no sistema público galego de saúde, no que a correcta prestación dos servizos auxiliares resulta esencial para garantir condicións adecuadas de salubridade, seguridade e funcionamento asistencial.

Os contratos vinculados á hostalaría e cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) deben cumprir estritamente os requisitos de calidade, seguridade alimentaria e trazabilidade establecidos nos pregos. Nun centro hospitalario, estas condicións adquiren especial relevancia. A correcta execución destes contratos e o control técnico e sanitario resultan imprescindibles para garantir a saúde dos pacientes e a adecuada xestión dos recursos públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia:

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Elaborar un informe e presentalo ante o Parlamento, no prazo de 2 meses, sobre o grao de cumprimento do contrato de servizo de hostalaría e cociña do CHUS.

2. Indicar se se están a cumprir as condicións relativas a efectivos, horarios e medios materiais establecidos nos pregos.

3. Remitir relación dos informes técnicos de seguimento emitidos.

4. Informar sobre incidencias, penalizacións ou modificacións contractuais realizadas.

Santiago de Compostela, a 3 de Marzo de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52306
Data envio: 04/03/2026 09:28:50.264

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 04/03/2026 9:20:20**

**Patricia Iglesias Rey na data 04/03/2026 9:20:36**

**Elena Espinosa Mangana na data 04/03/2026 9:20:44**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 04/03/2026 9:20:51**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52306
Data envio: 04/03/2026 09:28:50.264

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/03/2026 9:28:51**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 11:36:14
Nº Rexistro: 52392
Data envío: 04/03/2026 11:36:14.880

Asinado o día 04/03/2
10:59
Por Silvia Longueira C

# Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro,** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

## Exposición de motivos

Asinado o día 04/03/2026 ás
10:59
Por Elena Espinosa Mangana

No mes de setembro de 2023, o Pleno do Concello de Pontevedra aprobou por unanimidade un acordo polo que o Concello se comprometía a poñer a disposición da Xunta de Galicia unha vivenda de titularidade municipal co obxectivo de integrala na Rede Galega de Acollemento para Vítimas da Violencia de Xénero.

A día de hoxe, transcorridos dous anos e medio desde aquela aprobación, non consta ningún avance efectivo na sinatura do correspondente convenio nin na posta en funcionamento deste recurso. Esta situación resulta especialmente preocupante nun contexto no que a violencia machista continúa a ser unha das máis graves vulneracións dos dereitos humanos que sofren as mulleres.

Asinado o día 04/03/2026 ás
10:58
Por Paloma Castro Rey

A Rede Galega de Acollemento constitúe un instrumento fundamental para garantir protección, seguridade e acompañamento integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás súas fillas e fillos. Trátase dun recurso público esencial que ofrece atención urxente, apoio psicolóxico, asesoramento xurídico e acompañamento social nun momento de especial vulnerabilidade.

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 11:36:14
Nº Rexistro: 52392
Data envío: 04/03/2026 11:36:14.880

Cómpre salientar que na provincia de Pontevedra existe actualmente unha única vivenda de emerxencia situada en Vigo, o que evidencia unha clara insuficiencia de recursos para dar resposta a unha demanda que, por desgraza, segue a ser constante. A creación dunha vivenda de acollida en Pontevedra permitiría reforzar a cobertura territorial, achegar o recurso ás mulleres da comarca e mellorar a capacidade de resposta ante situacións de risco.

A colaboración institucional entre administracións é clave para avanzar na loita contra a violencia de xénero.

Non podemos permitir que acordos institucionais desta relevancia queden paralizados sen explicación, nin que as mulleres vítimas de violencia sigan atopando barreiras na súa protección por falta de coordinación ou vontade política.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a asinar con carácter urxente un convenio co Concello de Pontevedra para a integración dunha vivenda municipal na Rede Galega de Acollemento para Vítimas da Violencia de Xénero, que permita poñer en marcha, no menor prazo posible, a vivenda de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero comprometida, garantindo a súa dotación orzamentaria e os recursos humanos necesarios para o seu correcto funcionamento.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 11:36:14
Nº Rexistro: 52392
Data envio: 04/03/2026 11:36:14.880

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 04/03/2026 10:58:57**

**Elena Espinosa Mangana na data 04/03/2026 10:59:05**

**Silvia Longueira Castro na data 04/03/2026 10:59:18**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 04/03/2026 10:59:27**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 11:36:14
Nº Rexistro: 52392
Data envio: 04/03/2026 11:36:14.880

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/03/2026 11:36:15

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 12:39:58
Nº Rexistro: 52427
Data envio: 04/03/2026 12:39:58.472

Asinado o día 04/03/202
Por Secundino Fernánde
Fernández

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Sonia Vidal Lamas**, **Ariadna Fernández González** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a situación do plan estratéxico da planta ornamental.

Asinado o día 04/03/2026 ás 12:37
Por Ariadna Fernández González

Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da planta ornamental e da flor cortada en Galiza constitúe unha actividade económica de grande relevancia para o noso país, tanto polo valor engadido que xera como polo seu impacto social no medio rural. Trátase dun sector que leva anos demostrando a súa capacidade para crear emprego, dinamizar economías locais e ofrecer oportunidades laborais estables en comarcas onde, moitas veces, as alternativas produtivas son escasas.

A produción de planta ornamental destaca ademais por un elemento que non sempre recibe o recoñecemento que merece: o seu papel fundamental na incorporación das mulleres ao mercado laboral no rural. Unha parte moi significativa das persoas que traballan neste sector son mulleres que atopan nesta actividade unha posibilidade real de compatibilizar a vida laboral coa familiar, contribuíndo ao mesmo tempo á economía das súas familias e á vitalidade social das súas parroquias e vilas. Estamos, polo tanto, diante dun sector que non só xera riqueza económica, senón tamén cohesión social e fixación de poboación no territorio.

Asinado o día 04/03/2026 ás 12:37
Por Sonia Vidal Lamas

Malia o potencial, a realidade é que as produtoras e produtores galegos seguen a afrontar importantes dificultades estruturais. Entre elas destacan as limitacións no acceso

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 12:39:58
Nº Rexistro: 52427
Data envío: 04/03/2026 12:39:58.472

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

á terra para ampliar as explotacións, a falta de políticas específicas de apoio ao sector, as dificultades para avanzar na innovación e na modernización das explotacións, así como a necesidade de reforzar os mecanismos de promoción e comercialización da produción galega tanto no mercado interior como no exterior.

Nos últimos anos a Xunta de Galiza anunciou diferentes iniciativas e estratexias para impulsar este sector. Porén, moitas destas medidas quedaron en declaracións de intencións que non sempre se traduciron en actuacións concretas nin en compromisos orzamentarios claros. As respostas dadas polo propio Goberno galego no Parlamento recoñecen, de feito, que a estratexia anunciada para o sector non conta cunha dotación económica específica e que as actuacións que se están a desenvolver son fundamentalmente liñas de axuda de carácter xeral destinadas ao conxunto do sector agrario.

Esta situación fai necesario seguir afondando no coñecemento da realidade actual do sector e avaliar con rigor que medidas se están a aplicar realmente para garantir o seu desenvolvemento e a súa viabilidade a medio e longo prazo. Se Galiza quere aproveitar todo o potencial da produción ornamental, resulta imprescindible avanzar cara a políticas públicas máis específicas, que teñan en conta as características propias desta actividade, o seu peso no emprego feminino e a súa importancia para a diversificación económica do rural.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG considera necesario que o Goberno galego informe con maior detalle sobre a situación actual do sector da planta ornamental e da flor cortada en Galiza, así como sobre as actuacións concretas que está a desenvolver para reforzar a súa competitividade, favorecer o relevo xeracional e garantir que continúe a ser un motor de emprego e de vida no noso rural.

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver unha planificación específica de apoio ao sector da planta ornamental e da flor cortada en Galiza que inclúa unha dotación orzamentaria definida e mecanismos de avaliación periódica das medidas previstas.

2. Impulsar medidas que favorezan a incorporación e permanencia das mulleres no sector ornamental, recoñecendo o seu papel na creación de emprego feminino e na fixación de poboación no medio rural.

3. Facilitar o acceso á terra ás explotacións dedicadas á produción de planta ornamental mediante o reforzo dos instrumentos públicos existentes, nomeadamente o Banco de Terras.

4. Promover accións de innovación, formación e modernización das explotacións que contribúan a mellorar a competitividade e sustentabilidade do sector.

5. Desenvolver unha estratexia de promoción e valorización da planta ornamental producida en Galiza, incluíndo a creación dunha marca ou selo de identidade que identifique a súa orixe e calidade”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 12:39:58
Nº Rexistro: 52427
Data envio: 04/03/2026 12:39:58.472

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Vidal Lamas na data 04/03/2026 12:37:07**
**Ariadna Fernández González na data 04/03/2026 12:37:15**
**Secundino Fernández Fernández na data 04/03/2026 12:37:23**
**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 04/03/2026 12:37:31**
**Luis Bará Torres na data 04/03/2026 12:37:37**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 12:39:58
Nº Rexistro: 52427
Data envio: 04/03/2026 12:39:58.472

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/03/2026 12:39:59**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 12:47:21
Nº Rexistro: 52433
Data envío: 04/03/2026 12:47:21.117

Asinado o día 04/03/2 12:39 Por José Ramón Gón

PSG DE PSOE

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

# Exposición de motivos

O pasado 2 de xaneiro a Consellería de Política Social informou a través do DOGA que as súas axudas á conciliación para situacións puntuais ou vacacións escolares, o denominado Bono Concilia Familia, dotadas con 2,6 millóns de euros, quedaron esgotadas cinco días antes de que rematase o prazo de solicitude o pasado 8 de outubro. Isto ocorría porque as axudas convócanse polo procedemento e de concorrencia non competitiva; isto é: as subvencións son concedidas ás solicitudes máis rápidas ata que se esgoten os cartos.

A través do Consello de Contas, ente independente encargado da fiscalización das administracións galegas, vénse advertindo do risco de "fraude" e "información privilexiada" que supón este xeito de convocar axudas por parte da Xunta. Entre outras cousas porque pódense estar a dar situacións nas que familias poidan quedar fóra das axudas públicas, mentres outras con menos necesidades foron beneficiadas.

Asinado o día 04/03/2026 ás 12:39 Por Elena Espinosa Mangana

As axudas do Bono Concilia Familia foron convocadas por Política Social no Diario Oficial de Galicia do 4 de setembro. Alí sinalábase que "o prazo de presentación de solicitudes será dun mes e comezará ás 9.00 horas do día 8 de setembro de 2025 e finalizará o día 8 de outubro de 2025 ás 23.59 horas". Porén,

Asinado o día 04/03/2026 ás 12:39 Por Silvia Longueira Castro

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 12:47:21
Nº Rexistro: 52433
Data envio: 04/03/2026 12:47:21.117

o pasado venres a mesma consellería informaba no Diario Oficial de Galicia de que "a última solicitude que se puido conceder antes do esgotamento de crédito foi [...] presentada na sede electrónica, nos termos recollidos nos artigos 7 e 11.2 da convocatoria, o día 3 de outubro de 2025, ás 9:41:24 horas". Isto é, cinco días antes de que rematase o prazo de presentación de solicitudes.

Este tipo de convocatorias de subvencións nas que os cartos se entregan por orde de recepción das solicitudes que cumpran uns requisitos básicos, sen priorizar nin puntuar todas as que se pidan en prazo, denomínase por concorrencia non competitiva. Sobre elas vén pronunciándose de xeito crítico o Consello de Contas, a última vez fíxoo de xeito específico cun informe sobre "riscos na área de subvencións" da Xunta, feito público en outubro dentro da súa área de traballo de prevención da corrupción.

Ao marxe do importante que supón este risco que enturbia a área de traballo de prevención da corrupción, á necesario regular as axudas públicas para que cumpran o primeiro dos seus obxectivos: ser eficaz con quen máis o precisa.

O problema é especialmente relevante en territorios como Galicia, onde a estrutura da propiedade da terra está moi fragmentada. Moitas explotacións traballan parcelas pequenas pertencentes a múltiples propietarios, en ocasións herdanzas repartidas entre numerosos familiares. Conseguir o NIF de todos eles convértese nun labor difícil, cando non imposible. Hai casos nos que o propietario reside fóra da comunidade, perdeu contacto coa terra ou simplemente non facilita a documentación requirida. Isto pode atrasar ou mesmo poñer en risco a presentación da solicitude dentro de prazo, co conseguinte perigo de penalizacións ou perda de axudas.

Segundo o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), a finalidade de esixir o NIF é reforzar os controis e garantir unha maior transparencia na xestión dos fondos públicos. Preténdese asegurar que as parcelas declaradas están correctamente vinculadas aos seus titulares legais e evitar situacións de fraude ou duplicidade nas solicitudes. Tamén se busca mellorar a trazabilidade da terra e a coherencia entre os datos do Catastro e os declarados na PAC.

Con todo, a Consellería do Medio Rural insiste en que a medida non tivo suficientemente en conta a realidade social do campo galego nin a dificultade práctica de cumprir con esta obriga nun prazo reducido. Por ese motivo, xa expresou a súa queixa a este respecto en reunións co MAPA.

Asinado o día 04/03/2026 ás 17:53
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

O marco normativo que deu lugar a esta situación ten a súa orixe no Real Decreto 1048/2022, que regula a aplicación da Política Agraria Común no período actual. No seu artigo 11 establecíase a información que debía incluír a Solicitude Única, entre ela os datos das parcelas agrícolas e o réxime de tenza das mesmas. A norma xa contemplaba a necesidade de identificar adecuadamente as parcelas e aos seus titulares no caso de ter unha superficie maior de 2 hectáreas.

Con todo, o Real decreto permitía que a indicación do NIF do arrendador ou cedente parceiro non fora necesaria naquelas comunidades autónomas que tiveran posto en práctica un sistema que permitira aos propietarios das parcelas indicar que parcelas non poden ser solicitadas na PAC.

Este é o caso de Galicia, que no ano 2023 implementou un Rexistro de parcelas non declarables na PAC, polo que os solicitantes quedaban exceptuados de aportar o NIF do titular das parcelas.

Posteriormente, coa aprobación do Real Decreto 916/2025, que modificaba ao Real Decreto 1048/2022, introducíronse modificacións que reforzaron os mecanismos de control e introduciron a obriga de declarar determinados datos identificativos. A través desta corrección normativa elimináronse excepcións e interpretacións máis flexibles que algunhas comunidades estaban aplicando. Así, pasou a esixirse de forma máis explícita a identificación mediante NIF das persoas titulares das parcelas de máis dunha hectárea cando non coinciden co solicitante da axuda e eliminouse a excepcionalidade que había ao ter un Rexistro de parcelas non declarables.

Esta modificación supuxo, na práctica, un endurecemento das condicións para a tramitación da solicitude, sen aportar ningunha mellora respecto á loita contra a fraude, pois a simple obriga de gravar o NIF do titular da parcela non é máis efectivo que inscribir unha parcela no Rexistro de parcelas non declarables, de maneira que quede bloqueada para o seu uso na PAC, que é a única maneira realista e efectiva de evitar o seu uso.

O Goberno de Galicia sinala que, aínda que a loita contra a fraude é un obxectivo compartido, as medidas deberían aplicarse con proporcionalidade e tendo en conta a realidade territorial. En Galicia, onde predominan as pequenas explotacións familiares e a dispersión parcelaria é moi elevada, a obriga pode converterse nun obstáculo administrativo desproporcionado. Ademais, existe o risco de que algúns agricultores renuncien a declarar determinadas parcelas por non poder cumprir co requisito do NIF, o que podería afectar á viabilidade económica das explotacións.

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 18:03:05
Nº Rexistro: 52516
Data envio: 04/03/2026 18:03:05.475



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:
>
> 1º.- Modificar o artigo 11 do Real Decreto 1048/2022, volvendo a incluír a posibilidade de anotar as parcelas no Rexistro de parcelas non declarables da PAC, exceptuando da obriga de aportar o NIF do titular no caso das parcelas de máis de unha hectárea.
>
> 2º.- Implementar estratexias contra a fraude que sexan realistas e efectivas como é a inscrición nun rexistro e non só a simple gravación dun NIF, que non aporta beneficios engadidos á xestión da PAC pero complica a súa xestión."

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2024

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 18:03:05
Nº Rexistro: 52516
Data envio: 04/03/2026 18:03:05.475

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 04/03/2026 17:53:06**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 18:03:05
Nº Rexistro: 52516
Data envio: 04/03/2026 18:03:05.475

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/03/2026 18:03:06**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 18:07:30
Nº Rexistro: 52518
Data envío: 04/03/2026 18:07:30.913

PSG PSOE

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Silvia Longueira Castro, Carlos López Font** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

# Exposición de motivos

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de telecomunicacións e sistemas enerxéticos non só é crucial para fortalecer a nosa economía, senón tamén para garantir a cohesión social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento sostible de todo o territorio, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

A mobilidade é un dos principais problemas do Concello de Oleiros, un dos máis importantes concellos da área metropolitana da Coruña. O deficiente servizo de transporte público autonómico sumado ao inexistente municipal e a incapacidade, cada día maior, das infraestruturas viarias do concello, converten os accesos a Oleiros, ás súas praias, os desprazamentos dos veciños ás súas casas, e as innumerables urbanizacións, en ratoneiras nas que se producen continuos colapsos circulatorios, con constantes riscos e perdas de tempo das familias e grandes prexuízos para as economías persoais e empresariais.

Asinado o día 04/03/2026 ás 18:03
Por Aitor Bouza Manso
Asinado o día 04/03/2026 ás 18:03
Por Carlos López Font
Asinado o día 04/03/2026 ás 18:03
Por Silvia Longueira Castro
CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 18:07:30
Nº Rexistro: 52518
Data envío: 04/03/2026 18:07:30.913

PSG DE PSOE

É urxente pois a necesidade de mellora do transporte público por parte da Xunta, que contribúa a unha redución do uso do vehículo privado, son tamén varias e moi necesarias as obras públicas pendentes por parte da Xunta.

Os orzamentos da Xunta para o 2026 so contemplan 10.000€ para Oleiros, un dos 10 concellos máis grandes de Galicia, son inxustificables, cando para concellos máis pequenos hai investimentos millonarios.

No 2026 para a Ártabra "dedican" só 500.000€, e non dan para nada, xa que o groso do investimento sería de 5 millóns no 2027, 10 e 15 millóns no 2028 e 2029.

Compre pois esixir o desbloqueo da Ártabra de inmediato, con prazos concretos, e un cronograma de execución viable. Pedimos esforzo investidor real e conexión coa AP-9 libre de peaxe, igual que ocorre coa circunvalación gratuíta nas áreas de influencia das grandes cidades galegas.

Hai que conectar coa AP-9 e estender, apenas dous quilómetros, a gratuidade desde A Barcala ata esta conexión, tratando á comarca igual que se trata ás contornas das grandes cidades galegas que carecen de peaxes. Cando por fin estea feita esta obra, non será admisible que por culpa de non esixir o levantamento da peaxe sexa unha vía só accesible para ricos, condenando ás economías menos podentes aos atascos, que xa viven a diario, ata a eternidade.

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 18:07:30
Nº Rexistro: 52518
Data envio: 04/03/2026 18:07:30.913

PSG DE PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Conquerir definitivamente os prazos para acometer o desbloqueo da Vía Ártabra dentro deste período lexislativo, toda vez que estamos xa no ecuador do mesmo.
2. Conectar a vía coa AP-9 e estender en dous quilómetros a gratuidade desde a Barcala até esta conexión.

Santiago de Compostela, 4 de marzo do 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 18:07:30
Nº Rexistro: 52518
Data envio: 04/03/2026 18:07:30.913

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 04/03/2026 18:03:07

Carlos López Font na data 04/03/2026 18:03:15

Aitor Bouza Manso na data 04/03/2026 18:03:22

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/03/2026 18:03:32

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2026 18:07:30
Nº Rexistro: 52518
Data envio: 04/03/2026 18:07:30.913

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/03/2026 18:07:31**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 09:32:43
Nº Rexistro: 52609
Data envio: 05/03/2026 09:32:43.564

Asinado o día 05/03/2
09:30
Por Daniel Castro Ga

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre o impulso da Xunta á Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura.

Asinado o día 05/03/2026 ás
09:30
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos para 2026 volven pór en evidencia a irrelevancia do sector do libro galego dentro do proxecto político do PP desde o goberno da Xunta.

Desde o ano 2010 o goberno do PP reduciu drasticamente as partidas orzamentarias destinadas á creación, difusión, compra de novidades, apoio á tradución directa e inversa, edición de libros de texto, á internacionalización da literatura galega e as súas creadoras, así como a anulación de facto do Consello Asesor do Libro.

Unha política de asfixia continuada dun sector económico e cultural fundamental en Galiza contraria aos obxectivos regulados pola Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia.

Asinado o día 05/03/2026 ás
09:30
Por Mercedes Queixas Zas

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 09:32:43
Nº Rexistro: 52609
Data envio: 05/03/2026 09:32:43.564

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta a Xunta a consensuar cos axentes do libro galego e da lectura un plan de impulso que permita recuperar o carácter estratéxico e prioritario do sector do libro á altura da súa importancia cultural, social e económica".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 09:32:43
Nº Rexistro: 52609
Data envio: 05/03/2026 09:32:43.564

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 05/03/2026 9:30:17**

**Iria Taibo Corsanego na data 05/03/2026 9:30:22**

**Daniel Castro García na data 05/03/2026 9:30:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/03/2026 9:30:36**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 09:32:43
Nº Rexistro: 52609
Data envio: 05/03/2026 09:32:43.564

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/03/2026 9:32:44**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 10:37:30
Nº Rexistro: 52646
Data envío: 05/03/2026 10:37:30.994

Asinado o día 05/03/2 10:32 Por Paloma Castro R
Asinado o día 05/03/2026 ás 10:32 Por Patricia Iglesias Rey
Asinado o día 05/03/2026 ás 10:32 Por Lara Méndez López
Por José Ramón Gómez Besteiro
CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Lara Méndez López, Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

## Exposición de motivos

O canon da auga, regulado pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, e o canon da xestión das depuradoras, regulado pola Lei 1/2022, de 12 de xullo, da mellora da xestión do ciclo integral da auga, son tributos propios da Xunta de Galicia de carácter finalista, creados co obxectivo de financiar infraestruturas hidráulicas, mellorar a calidade das masas de auga e garantir unha xestión sostible do ciclo integral da auga.

Estes tributos son recadados a través dos concellos, que actúan como entidades colaboradoras na súa cobranza, asumindo unha función que, na práctica, os converte en intermediarios ante a cidadanía. Porén, unha vez transferidos os fondos á administración autonómica, non existe un mecanismo obxectivo, transparente e proporcional que garanta que os recursos retornan aos territorios nos que se xeran.

A natureza finalista destes canons debería implicar un principio básico de xustiza territorial e corresponsabilidade, asegurando que os concellos nos que se realiza a recadación reciban investimentos proporcionais, ao tempo que se atenden criterios de solidariedade e equilibrio territorial. Non obstante, a realidade

evidencia que non existe un modelo público, regulado e transparente de distribución dos fondos, xerando unha percepción crecente de agravio comparativo entre concellos.

Existen municipios que, a pesar de realizar unha elevada achega recadadora, non teñen recibido investimentos significativos con cargo a estes canons nos últimos anos, mentres que outros territorios contan cunha presenza reiterada de convenios e actuacións financiadas pola Xunta. Esta situación, unida á práctica habitual de sinatura de convenios bilaterais con determinados concellos, reforza a percepción dun uso discrecional e partidista dos fondos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que un tributo finalista non pode converterse nun instrumento de desequilibrio territorial nin nun mecanismo de afinidade política. A distribución dos recursos debe responder a criterios públicos, obxectivos, verificables e equitativos.

Por iso defendemos un modelo de reparto baseado en tres principios: retorno territorial, principio de solidariedade  e financiamento do sistema.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer un sistema público, regulado e transparente de distribución do canon da auga, baseado en criterios obxectivos e verificables.
2. Garantir que, como mínimo, o 50 % da recadación obtida en cada concello reverta en investimentos no propio municipio onde se xera. Destinar un 30 % dos fondos a un mecanismo de solidariedade territorial, orientado prioritariamente a concellos con maiores necesidades en infraestruturas,

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / @socialistas_gal

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 10:37:30
Nº Rexistro: 52646
Data envio: 05/03/2026 10:37:30.994

dispersión poboacional ou limitacións orzamentarias. E reservar como máximo o 20 % da recadación para os custos de xestión, mantemento e funcionamento do sistema autonómico.

3. Publicar anualmente un informe detallado e desagregado por concellos que inclúa: cantidade recadada en cada municipio. Investimentos executados con cargo aos canons. Convenios asinados e importes asociados. E criterios técnicos utilizados para a asignación de fondos.
4. Garantir que a asignación de recursos non estea condicionada por criterios partidistas nin por afinidades políticas, senón exclusivamente por parámetros técnicos, ambientais e de necesidade obxectiva.

Santiago de Compostela, 5 de marzo do 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 10:37:30
Nº Rexistro: 52646
Data envio: 05/03/2026 10:37:30.994

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 05/03/2026 10:32:30**

**Patricia Iglesias Rey na data 05/03/2026 10:32:37**

**Paloma Castro Rey na data 05/03/2026 10:32:45**

**Aitor Bouza Manso na data 05/03/2026 10:32:55**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 05/03/2026 10:33:02**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 10:37:30
Nº Rexistro: 52646
Data envio: 05/03/2026 10:37:30.994

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/03/2026 10:37:31**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 10:37:48
Nº Rexistro: 52648
Data envío: 05/03/2026 10:37:48.069

Asinado o día 05/03/2 10:33 Por Paloma Castro R

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Lara Méndez López, Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Por José Ramón Gómez Besteiro

Asinado o día 05/03/2026 ás 10:33 Por Patricia Iglesias Rey

# Exposición de motivos

O canon da auga, regulado pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, e o canon da xestión das depuradoras, regulado pola Lei 1/2022, de 12 de xullo, da mellora da xestión do ciclo integral da auga, son tributos propios da Xunta de Galicia de carácter finalista, creados co obxectivo de financiar infraestruturas hidráulicas, mellorar a calidade das masas de auga e garantir unha xestión sostible do ciclo integral da auga.

Estes tributos son recadados a través dos concellos, que actúan como entidades colaboradoras na súa cobranza, asumindo unha función que, na práctica, os converte en intermediarios ante a cidadanía. Porén, unha vez transferidos os fondos á administración autonómica, non existe un mecanismo obxectivo, transparente e proporcional que garanta que os recursos retornan aos territorios nos que se xeran.

Asinado o día 05/03/2026 ás 10:33 Por Lara Méndez López

A natureza finalista destes canons debería implicar un principio básico de xustiza territorial e corresponsabilidade, asegurando que os concellos nos que se realiza a recadación reciban investimentos proporcionais, ao tempo que se atenden criterios de solidariedade e equilibrio territorial. Non obstante, a realidade

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

evidencia que non existe un modelo público, regulado e transparente de distribución dos fondos, xerando unha percepción crecente de agravio comparativo entre concellos.

Existen municipios que, a pesar de realizar unha elevada achega recadadora, non teñen recibido investimentos significativos con cargo a estes canons nos últimos anos, mentres que outros territorios contan cunha presenza reiterada de convenios e actuacións financiadas pola Xunta. Esta situación, unida á práctica habitual de sinatura de convenios bilaterais con determinados concellos, reforza a percepción dun uso discrecional e partidista dos fondos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que un tributo finalista non pode converterse nun instrumento de desequilibrio territorial nin nun mecanismo de afinidade política. A distribución dos recursos debe responder a criterios públicos, obxectivos, verificables e equitativos.

Por iso defendemos un modelo de reparto baseado en tres principios: retorno territorial, principio de solidariedade e financiamento do sistema.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer un sistema público, regulado e transparente de distribución do canon da auga, baseado en criterios obxectivos e verificables.
2. Garantir que, como mínimo, o 50 % da recadación obtida en cada concello reverta en investimentos no propio municipio onde se xera. Destinar un 30 % dos fondos a un mecanismo de solidariedade territorial, orientado prioritariamente a concellos con maiores necesidades en infraestruturas,

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dispersión poboacional ou limitacións orzamentarias. E reservar como máximo o 20 % da recadación para os custos de xestión, mantemento e funcionamento do sistema autonómico.

3. Publicar anualmente un informe detallado e desagregado por concellos que inclúa: cantidade recadada en cada municipio. Investimentos executados con cargo aos canons. Convenios asinados e importes asociados. E criterios técnicos utilizados para a asignación de fondos.
4. Garantir que a asignación de recursos non estea condicionada por criterios partidistas nin por afinidades políticas, senón exclusivamente por parámetros técnicos, ambientais e de necesidade obxectiva.

Santiago de Compostela, 5 de marzo do 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / @socialistas_gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 10:37:48
Nº Rexistro: 52648
Data envio: 05/03/2026 10:37:48.069

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 05/03/2026 10:33:11
Patricia Iglesias Rey na data 05/03/2026 10:33:18
Paloma Castro Rey na data 05/03/2026 10:33:27
Aitor Bouza Manso na data 05/03/2026 10:33:34
José Ramón Gómez Besteiro na data 05/03/2026 10:33:42

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 10:37:48
Nº Rexistro: 52648
Data envio: 05/03/2026 10:37:48.069

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/03/2026 10:37:48**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 11:05:31
Nº Rexistro: 52681
Data envío: 05/03/2026 11:05:31.500

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

# Exposición de motivos

Nos últimos meses, veciños e veciñas do concello de Rianxo, xunto con profesionais sanitarios, teñen protagonizado diversas mobilizacións para denunciar a situación da atención sanitaria no municipio e reclamar un reforzo urxente dos recursos no centro de saúde.

Entre as principais demandas trasladadas pola veciñanza atópase a necesidade de incrementar a dotación de persoal sanitario para garantir unha atención adecuada, así como reforzar os dispositivos de atención continuada e de urxencias que prestan servizo á poboación do municipio. Neste sentido, tamén se ten reclamado a mellora dos recursos de transporte sanitario, incluíndo a dispoñibilidade dunha ambulancia que permita atender con maior rapidez as situacións de urxencia.

A Atención Primaria constitúe a porta de entrada ao sistema sanitario público e é esencial para garantir unha atención próxima, accesible e de calidade, especialmente en concellos cunha poboación envellecida e cunha elevada demanda asistencial.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado o día 05/03/2026 ás 11:03 Por Silvia Longueira Castro
Asinado o día 05/03/2026 ás 11:03 Por Elena Espinosa Mangana
Asinado o día 05/03/2026 ás 11:03 Por Patricia Iglesias Rey
CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 11:05:31
Nº Rexistro: 52681
Data envio: 05/03/2026 11:05:31.500

Neste contexto, resulta necesario coñecer a planificación da Consellería de Sanidade para garantir unha dotación suficiente de profesionais e asegurar unha adecuada cobertura asistencial no Concello de Rianxo e na comarca do Barbanza.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reforzar a dotación de persoal sanitario no centro de saúde de Rianxo, garantindo a cobertura efectiva de todas as prazas de medicina de familia, pediatría, enfermaría e persoal administrativo necesarias para prestar unha atención sanitaria de calidade.
2. Avaliar e reforzar os dispositivos de atención continuada e de urxencias que dan servizo á poboación de Rianxo, co obxectivo de mellorar a capacidade de resposta asistencial.
3. Mellorar os recursos de transporte sanitario na zona, garantindo unha adecuada cobertura mediante ambulancias dotadas dos medios humanos e materiais necesarios para atender as urxencias con rapidez e seguridade.

Santiago de Compostela, 5 de marzo do 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 11:05:31
Nº Rexistro: 52681
Data envio: 05/03/2026 11:05:31.500

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 05/03/2026 11:03:28**

**Elena Espinosa Mangana na data 05/03/2026 11:03:34**

**Silvia Longueira Castro na data 05/03/2026 11:03:40**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 05/03/2026 11:03:48**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 11:05:31
Nº Rexistro: 52681
Data envio: 05/03/2026 11:05:31.500

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/03/2026 11:05:32**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 11:28:18
Nº Rexistro: 52686
Data envio: 05/03/2026 11:28:18.416

Asinado o día 05/03/2
11:25
Por José Ramón Gón

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

## Exposición de motivos

Nos últimos días tivo lugar en Ferrol unha mobilización convocada pola ANPA do Conservatorio Profesional de Música para esixir o arranxo inmediato do aparcadoiro do Auditorio de Ferrol, espazo que dá acceso a un edificio titularidade da Xunta de Galicia como é o propio Conservatorio.

A situación do aparcadoiro presenta un evidente estado de deterioro, con deficiencias que afectan tanto á seguridade viaria como á accesibilidade, dificultando o acceso en condicións axeitadas ao alumnado, ás familias e ao persoal docente. Trátase dun espazo que nin é plenamente accesible nin resulta útil para todos os usuarios e usuarias, xerando riscos innecesarios e unha imaxe de abandono impropia dun equipamento público.

A comunidade educativa leva tempo trasladando esta problemática e demandando solucións urxentes e perentorias. Non estamos ante unha cuestión menor, senón ante un problema que afecta á seguridade de menores e ás condicións de acceso a un servizo público esencial como é o ensino musical.

Asinado o día 05/03/2026 ás
11:25
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 05/03/2026 ás
11:25
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / @socialistas_gal

PSG DE PSOE

Resulta especialmente significativo que, mentres a Xunta de Galicia adoita esixir responsabilidades a outras administracións cando estas están gobernadas polo Partido Socialista, neste caso non estea a exercer a mesma dilixencia para garantir o mantemento axeitado dun acceso a un edificio da súa titularidade. A Xunta de Rueda non pode desentenderse dunha infraestrutura que condiciona directamente o funcionamento dun centro dependente da propia Administración autonómica.

É necesario, por tanto, que o Goberno galego asuma a súa responsabilidade e adopte as medidas necesarias para que se proceda á rehabilitación integral do aparcadoiro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse de maneira inmediata ao Concello de Ferrol para que proceda á rehabilitación integral do aparcadoiro do Auditorio de Ferrol, garantindo condicións adecuadas de seguridade viaria, accesibilidade e uso para toda a comunidade educativa do Conservatorio Profesional de Música.

Santiago de Compostela, 5 de marzo do 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 11:28:18
Nº Rexistro: 52686
Data envio: 05/03/2026 11:28:18.416

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 05/03/2026 11:25:28**

**Silvia Longueira Castro na data 05/03/2026 11:25:37**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 05/03/2026 11:25:44**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 11:28:18
Nº Rexistro: 52686
Data envio: 05/03/2026 11:28:18.416

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/03/2026 11:28:19**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 12:10:50
Nº Rexistro: 52694
Data envio: 05/03/2026 12:10:50.153

PSG DE PSOE

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

# Exposición de motivos

A comarca da Costa da Morte leva máis de vinte e cinco anos reclamando a dotación dunha ambulancia medicalizada de soporte vital avanzado (SVA), un recurso esencial para garantir unha atención sanitaria urxente rápida e de calidade nun territorio cunha elevada dispersión poboacional e con importantes distancias aos hospitais de referencia.

Na actualidade, as ambulancias medicalizadas máis próximas sitúanse na cidade da Coruña, o que implica tempos de resposta que poden superar os trinta minutos para chegar a puntos como Carballo ante unha emerxencia grave.

Este tempo de espera resulta especialmente preocupante en situacións críticas como infartos, ictus, accidentes graves ou paradas cardiorrespiratorias, nas que cada minuto é determinante para a supervivencia e para evitar secuelas graves.

Cómpre lembrar que a Costa da Morte é unha comarca extensa, con actividade económica relevante vinculada ao mar, ao sector primario e ao turismo, e con importantes fluxos de poboación estacional. Estas características incrementan a necesidade de reforzar os dispositivos de atención sanitaria urxente.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado o día 05/03/2
12:07
Por Silvia Longueira C

Asinado o día 05/03/2026 ás
12:07
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 05/03/2026 ás
12:07
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 12:10:50
Nº Rexistro: 52694
Data envio: 05/03/2026 12:10:50.153

A pesar das reiteradas demandas sociais e institucionais, e das mobilizacións veciñais ao longo dos anos, a comarca segue sen contar cunha ambulancia medicalizada propia, o que evidencia unha carencia estrutural na planificación sanitaria do territorio.

Garantir a igualdade no acceso aos servizos públicos, especialmente á sanidade pública, debe ser un principio básico das políticas da Xunta de Galicia. Ningún territorio pode quedar relegado en materia de atención sanitaria urxente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar á comarca da Costa da Morte dunha ambulancia medicalizada de soporte vital avanzado (SVA) con base permanente na zona, garantindo unha cobertura axeitada para os concellos da comarca.
2. Avaliar, en colaboración co Servizo Galego de Saúde e co 061, os tempos reais de resposta das emerxencias sanitarias na Costa da Morte, co obxectivo de identificar carencias e mellorar a planificación dos recursos.
3. Elaborar un plan específico de reforzo da atención sanitaria urxente nas comarcas con maior dispersión poboacional, incluíndo a Costa da Morte.
4. Informar ao Parlamento de Galicia, no prazo máximo de seis meses, das actuacións realizadas para mellorar a cobertura de emerxencias sanitarias nesta comarca.

Santiago de Compostela, 5 de marzo do 2026

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 12:10:50
Nº Rexistro: 52694
Data envio: 05/03/2026 12:10:50.153

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 05/03/2026 12:07:38

Elena Espinosa Mangana na data 05/03/2026 12:07:45

Silvia Longueira Castro na data 05/03/2026 12:07:51

José Ramón Gómez Besteiro na data 05/03/2026 12:07:58

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 12:10:50
Nº Rexistro: 52694
Data envio: 05/03/2026 12:10:50.153

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/03/2026 12:10:50**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 12:20:52
Nº Rexistro: 52699
Data envio: 05/03/2026 12:20:52.200

Asinado o día 05/03/2 12:20 Por Olalla Rodil Ferná

Asinado o día 05/03/2026 ás 12:19 Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 05/03/2026 ás 12:19 Por Cristina Fernández Davila

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de reforzar o cadro de persoal da Unidade de Saúde Mental de Ponteareas para impulsar a prevención do suicidio na comarca do Condado-Paradanta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de xaneiro, unha persoa dunha parroquia de Ponteareas suicidouse por aforcamento na súa casa. Non é un caso illado, senón que todos os anos prodúcense casos deste tipo nos concellos da comarca do Condado-Paradanta, en ocasións incluso de rapaces e rapazas en idade escolar. Son persoas que están atendidas na Unidade de Saúde Mental e outras sen tratar, que teñen manifestado tendencia suicida ou non.

No rural galego é bastante mais complexo que as persoas con enfermidades mentais cheguen a estar atendidas e con seguimento de profesionais da psiquiatría ou psicoloxía, entre outros, por problemas de transporte público e por carecer, moitas delas, de familia que xestione os tratamentos e as citas, amais de acompañalas.

As Unidades de Saúde Mental, cando existen na zona, están saturadas e cun tempo de espera importante para as citas. Cando na zona non existe este recurso sanitario hai numerosas doentes que quedan sen diagnosticar.

O Centro de Saúde de Ponteareas dispón dunha Unidade de Saúde Mental dende hai tres anos, que consta de 2 profesionais psiquiatras, 1 psicóloga, 1 enfermeira e 1 administrativa segundo marca o catálogo para estas Unidades, que atende a tódolos



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concellos da comarca do Condado-Paradanta. Malia isto, a cita para o psicólogo tarda un ano como mínimo e a cita para o psiquiatra ten unha espera de sete meses.

Neste mesmo Nadal, as doentes non foron atendidas porque o psiquiatra estaba a facer gardas nas urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro e numerosas citas foron canceladas e adiadas ao mes de xaneiro, que anularon de novo e as doentes permanecen á espera dunha nova data.

Ademais, as especialistas non son substituídas polo Sergas cando collen vacacións ou permisos, e houbo ocasións en que estando de baixa estaba a praza baleira sen cubrir e permaneceron sen atención durante semanas, con problemas para que dende medicina de familia, no PAC ou nas urxencias hospitalarias faciliten axustes nas medicacións pautadas por psiquiatría. É habitual que cada vez que asisten á consulta, as doentes se vexan atendidas por distintas profesionais por non haber unha estabilidade nesas prazas. Isto provoca que teñan que repetir constantemente datos do seu historial clínico, da medicación anterior e actual, etc., así como que as doentes sexan reticentes a acudir á Unidade de Saúde Mental, por falta de relación de confianza coas profesionais.

Este servizo, que foi reclamado durante moitos anos pola cidadanía da comarca, é fundamental para atender os problemas de saúde mental dunha poboación de máis de 55.000 habitantes. Era unha cuestión vital achegar este recurso sanitario a unha comarca rural coma esta, e con garantía de contar con transporte público para trasladarse dende o seu domicilio ao centro de saúde, tendo en conta a situación na que se atopan estas doentes a nivel persoal.

Pero a realidade é que as profesionais asignadas por catálogo á Unidade de Saúde Mental de Ponteareas non son suficientes para atender á toda a poboación adscrita. Menos aínda se a Consellería nin sequera mantén as prazas creadas cubertas de xeito permanente e continuado e non substitúe as súas ausencias. Sería preciso reforzar este cadro persoal actual, así como con outras especialidades como Traballo Social para coordinarse cos concellos e entidades do terceiro sector de acción social, para ter



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 12:20:52
Nº Rexistro: 52699
Data envio: 05/03/2026 12:20:52.200

capacidade de difundir os recursos existentes entre toda a poboación e impulsar Programas de prevención do suicidio eficaces, sobre todo nos centros educativos, sen esquecer ás familias que xa teñen pasado por este trauma.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Realizar unha avaliación na comarca do Condado-Paradanta sobre as necesidades de atención da USM e para realizar campañas integrais e continuadas de prevención dos suicidios, incidindo nos centros educativos, así como para unha atención de calidade ás persoas con enfermidade mental.

2.- Reforzar á Unidade de Saúde Mental de Ponteareas con máis persoal especializado sanitario, proceder a realizar as substitucións das baixas laborais, vacacións e permisos, así como incorporar novas categorías profesionais que melloren a asistencia sanitaria, como é Traballo Social.

3- Actualizar as citas pendentes e con moito tempo de espera para que as revisións se fagan canto antes e teñan unha continuidade, de xeito regular e periodicamente en tempos razoables, así como garantir as terapias psicolóxicas que sexan necesarias para a veciñanza da comarca.

4.- Dar a coñecer os recursos existentes, así como impulsar accións preventivas específicas de prevención dos suicidios, sobre todo nos centros educativos, tendo en conta as características concretas da comarca do Condado-Paradanta.

5.- Ampliar a atención psicolóxica na USM de Ponteareas, creando un equipo itinerante para traballar coa comunidade, que conte cunha especialista de Traballo



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 12:20:52
Nº Rexistro: 52699
Data envio: 05/03/2026 12:20:52.200

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Social e/ou Educadora social que poida acompañar ou realizar terapias grupais para enfrontar coas familias unha perda por suicidio, para conseguir a aceptación do feito, así como paliar posibles sentimentos de culpabilidade.

6.- Coordinar e apoiar os recursos que ofrecen as entidades sen ánimo de lucro do terceiro sector de acción social."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 12:20:52
Nº Rexistro: 52699
Data envio: 05/03/2026 12:20:52.200

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 05/03/2026 12:19:50

María Montserrat Prado Cores na data 05/03/2026 12:19:57

Olalla Rodil Fernández na data 05/03/2026 12:20:03

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 12:20:52
Nº Rexistro: 52699
Data envío: 05/03/2026 12:20:52.200

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/03/2026 12:20:53**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 12:36:14
Nº Rexistro: 52703
Data envío: 05/03/2026 12:36:14.346

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e da deputada **Rosana Pérez Fernández,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta para apoiar á confraría de Mugardos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os responsábeis da confraría a facturación por capturas no exercicio 2024 foi de 500.000€ mentres que no 2025 foi de apenas 300.000€.

A causa desta caída veu producida pola redución xeral das capturas e polo paro biolóxico “concedido” pola Xunta durante 4 meses, derivado precisamente da dramática situación produtiva na ría de Ferrol, mais que significou 4 meses sen ingresos para a Confraría de pescadores.

No entanto os gastos permaneceron iguais, taxas do ente público Portos de Galiza (da Xunta), persoal, e outros gastos correntes como auga, luz, ou vehículos, entre outros.

As expectativas para este ano non son mellores. A previsión de facturación por capturas non é boa debido á situación da ría e ao ciclo continuado de temporais desde principios do ano que tiraron os resultados abaixo durante varios meses.

Os avances económicos e contábeis da confraría inducen á preocupación. Pode estar en risco a supervivencia da propia confraría, lembremos, organismo absolutamente



Asinado o día 05/03/2 12:35
Por Rosana Pérez Fe
Asinado o día 05/03/2026 ás 12:34
Por José Manuel Golpe Acuña
Asinado o día 05/03/2026 ás 12:34
Por Ramón Fernández Alfonzo
CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 12:36:14
Nº Rexistro: 52703
Data envio: 05/03/2026 12:36:14.346

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesario para acceder e organizar o traballo no mar, e máis para representar aos traballadores e traballadoras do sector.

Debemos salientar que a confraría de San Telmo de Mugardos ten máis de 100 anos de vida, que a día de hoxe ten máis de 70 persoas asociadas, e que representa un organismo e un sector esencial para a dinamización económica do Concello.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta a reunirse coas persoas responsábeis da confraría San Telmo de Mugardos para deseñar un plan de viabilidade económica do organismo e a reactivación do sector, e a financiar ese plan coas necesarias axudas económicas da propia Xunta."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 12:36:14
Nº Rexistro: 52703
Data envio: 05/03/2026 12:36:14.346

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 05/03/2026 12:34:44**

**José Manuel Golpe Acuña na data 05/03/2026 12:34:52**

**Rosana Pérez Fernández na data 05/03/2026 12:35:00**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 12:36:14
Nº Rexistro: 52703
Data envio: 05/03/2026 12:36:14.346

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/03/2026 12:36:15**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 13:09:10
Nº Rexistro: 52708
Data envío: 05/03/2026 13:09:10.774

Asinado o día 05/03/2026 ás 13:06
Por Elena Espinosa Mangana

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

# Exposición de motivos

O Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) constitúe un centro sanitario de referencia no sistema público galego de saúde, no que a correcta prestación dos servizos auxiliares resulta esencial para garantir condicións adecuadas de salubridade, seguridade e funcionamento asistencial.

Asinado o día 05/03/2026 ás 13:06
Por Patricia Iglesias Rey

Entre estes servizos atópase o contrato relativo á uniformidade do servizo de lencería, que abrangue a dotación, xestión e mantemento da roupa hospitalaria e da uniformidade utilizada polo persoal do centro. Trátase dun contrato cunha incidencia directa nas condicións hixiénico-sanitarias do hospital, na prevención de riscos e na organización da actividade asistencial diaria, polo que a súa correcta execución resulta fundamental para garantir o adecuado funcionamento do complexo hospitalario.

Asinado o día 05/03/2026 ás 13:06
Por Aitor Bouza Manso

A licitación, adxudicación e execución deste contrato deben desenvolverse de acordo cos principios de legalidade, transparencia, eficiencia e boa xestión dos recursos públicos que rexen a contratación pública. Así mesmo, a Administración sanitaria ten a responsabilidade de asegurar que as empresas adxudicatarias cumpren estritamente coas condicións establecidas nos pregos de cláusulas

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 13:09:10
Nº Rexistro: 52708
Data envío: 05/03/2026 13:09:10.774

PSG DE PSOE

administrativas e técnicas, así como coas obrigas asumidas no proceso de licitación.

Neste contexto, o seguimento técnico da execución do contrato e a emisión de informes de control e avaliación constitúen instrumentos imprescindibles para verificar o cumprimento das condicións establecidas e garantir que os recursos públicos destinados a este servizo se empregan de forma adecuada e eficiente. A planificación dos recursos, o control da prestación do servizo e a avaliación do seu funcionamento deben permitir detectar posibles incidencias ou incumprimentos e adoptar as medidas correctoras que correspondan.

Resulta, polo tanto, necesario coñecer con detalle o grao de cumprimento do contrato de uniformidade do servizo de lencería do CHUS, así como os mecanismos de control aplicados pola Xunta de Galicia e os informes técnicos emitidos en relación coa súa execución.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un informe e presentalo ante o Parlamento, no prazo de 2 meses, sobre o grao de cumprimento do contrato de uniformidade do servizo de lencería do CHUS.
2. Indicar se se están a cumprir as condicións relativas a efectivos, horarios e medios materiais establecidos nos pregos.
3. Remitir relación dos informes técnicos de seguimento emitidos.
4. Informar sobre incidencias, penalizacións ou modificacións contractuais realizadas.

Santiago de Compostela, 5 de marzo do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 13:09:10
Nº Rexistro: 52708
Data envio: 05/03/2026 13:09:10.774

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 05/03/2026 13:06:38**

**Patricia Iglesias Rey na data 05/03/2026 13:06:45**

**Elena Espinosa Mangana na data 05/03/2026 13:06:52**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 05/03/2026 13:06:59**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 13:09:10
Nº Rexistro: 52708
Data envio: 05/03/2026 13:09:10.774

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/03/2026 13:09:11

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 13:24:56
Nº Rexistro: 52721
Data envío: 05/03/2026 13:24:56.271

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e da deputada **Cristina Fernández Davila,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, sobre a necesidade de investimentos no IES AS TELLEIRAS do Concello de Narón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do IES As Telleiras, no Concello de Narón, é de gran deterioro das infraestruturas principais así como de algunhas carencias de moita importancia.

Estamos a falar dun centro de ensino no que conviven 600 alumnos e alumnas e 50 docentes, divido en varios edificios, ESO, bacharelato e salón de actos.

Comezando polas carencias de importancia é de salientar que no edificio de bacharelato non existe nin ascensor nin elevador, polo que o primeiro andar resulta inaccesíbel para calquer persoa con mobilidade reducida.

O deterioro de fachadas, tellados e cubertas ten como consecuencia a entrada de auga en grandes cantidades en aulas e zonas de paso, como por exemplo a entrada do edificio de ESO, habitualmente chea de caldeiros recollendo a auga das pingueiras, ou as zonas cubertas que rodean o salón de actos, que tamén filtran auga en grandes cantidades e presenta un aspecto perigoso.

As instalacións eléctricas dos dous edificios (ESO, bacharelato e salón de actos)



Asinado o día 05/03/2026 ás 13:23
Por Cristina Fernández Davila
Asinado o día 05/03/2026 ás 13:23
Por José Manuel Golpe Acuña
Asinado o día 05/03/2026 ás 13:23
Por Ramón Fernández Alfonzo
CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 13:24:56
Nº Rexistro: 52721
Data envio: 05/03/2026 13:24:56.271

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non superaron a inspección obrigatoria por múltiples deficiencias, especialmente dos cadros eléctricos, e 1 dos 2 grupos electróxenos cos que conta o centro para situación de emerxencia tivo que desactivarse por motivos de seguridade, polo que en caso de falta de subministro eléctrico o edificio de bacharelato quedará sen servizo.

A cuberta da pista deportiva exterior ten furados debido á caída de placas en diferentes zonas.

Malia as continuas comunicacións remitidas por parte do centro á Xunta non reciben máis que visitas da unidade técnica e promesas de actuacións que, de seren certas, xa terían rematado hai 2 anos. É dicir, na liña política habitual da Xunta de Galiza, os centros de ensino público teñen que chegar a un nivel de deterioro perigoso para a integridade das construcións e a seguridade das persoas antes de que se realicen as máis mínimas obras.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta a promover a rehabilitación inmediata do IES As Telleiras do Concello de Narón, así como a solución dos problemas de accesibilidade, iniciando decontado os trámites administrativos e as modificacións orzamentarias necesarias para que as obras poidan realizarse nos meses do verán do presente ano".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 13:24:56
Nº Rexistro: 52721
Data envio: 05/03/2026 13:24:56.271

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 05/03/2026 13:23:30**

**José Manuel Golpe Acuña na data 05/03/2026 13:23:37**

**Cristina Fernández Davila na data 05/03/2026 13:23:42**

**Rosana Pérez Fernández na data 05/03/2026 13:23:50**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 13:24:56
Nº Rexistro: 52721
Data envio: 05/03/2026 13:24:56.271

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/03/2026 13:24:57**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 17:14:58
Nº Rexistro: 52749
Data envio: 05/03/2026 17:14:58.060

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por Cristina Fernández Davila
Asinado o día 05/03/2 17:13 Por Iago Suárez Fern
Por Iria Taibo Corsanego
Asinado o día 05/03/2026 ás 17:13 Por Óscar Insua Lema
Asinado o día 05/03/2026 ás 17:13 Por Luis Bará Torres
CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres, Oscar Insua Lema, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a condena da agresión militar dos EEUU e Israel a Irán e de defensa da soberanía dos pobos e do dereito internacional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ataque militar perpetrado polos Estados Unidos e Israel contra Irán supón un novo acto de agresión que pon en risco a vida da poboación civil, ameaza a estabilidade de todo Oriente Medio, e supón unha nova e gravísima vulneración da soberanía dos pobos, do dereito internacional e da Carta das Nacións Unidas.

Unha vez máis, o imperialismo recorre á mentira e á manipulación para lexitimar a súa maquinaria de guerra. Como noutras ocasións, EUA e Israel (único pais da área que non asinou o Tratado de Non Proliferación de Armas Nucleares) empregan argumentos falsos para xustificar unha agresión que só busca o control xeoestratéxico da zona e dos seus enormes recursos enerxéticos.

Estamos diante do mesmo guión xa visto en Iraq, en Libia, en Siria, ou na agresión permanente, ocupación e apartheid contra Palestina:

- Primeiro, créase unha narrativa mediática baseada en informacións non contrastadas ou directamente fabricadas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 17:14:58
Nº Rexistro: 52749
Data envio: 05/03/2026 17:14:58.060

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Despois, impóñense sancións criminais que asfixian á poboación.
- Finalmente, desátase a violencia militar sen ningunha lexitimidade.

A historia repítese, os mesmos que nos venderon a guerra de Iraq coas falsas armas de destrución masiva son os que agora inventan novas ameazas para xustificar os seus bombardeos.

Esta agresión militar non é un feito illado, senón que se enmarca nun patrón de actuación sistemática do imperialismo liderado por Washington e os seus aliados. En pouco máis de un ano bombardearon case unha ducia de países en catro continentes: Palestina, Venezuela, Siria, Iraq, Irán, Nixeria, Iemen, Somalia, Catar, Líbano, e Tunisia ao que hai que engadir o criminal bloqueo a Cuba. Son o principal foco de desestabilización global e unha ameaza directa para o multilateralismo e a legalidade internacional.

A estratexia imperialista de guerra permanente busca o control dos recursos estratéxicos e a imposición dos seus intereses xeopolíticos á forza, desprezando a soberanía das nacións e o dereito dos pobos a decidir o seu propio destino. Esta nova escalada belicista vai ter graves e impredicíbeis consecuencias, en primeiro lugar sobre a poboación iraniana, mais tamén na desestabilización de todo Oriente Medio cun risco inminente de guerra aberta, unha nova crise enerxética mundial que pagarán as clases populares e que afectará a toda a economía, e un golpe definitivo ao dereito internacional, lexitimando a lei do máis forte e dinamitando calquera posibilidade de diálogo e solución negociada dos conflitos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 17:14:58
Nº Rexistro: 52749
Data envio: 05/03/2026 17:14:58.060

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galiza acorda como resolución:

1. Facer un chamamento á comunidade internacional, de xeito especial á Unión Europea, ao Estado español e á Xunta de Galiza para que:

-condenen a agresión militar inxustificada e contraria ao dereito internacional contra Irán e a criminal política imperialista de guerra e inxerencia que practican os EEUU e os seus aliados;

-adopten medidas concretas para frear a escalada bélica, para defender o respecto ao dereito de todos os pobos a exercer a súa soberanía sen inxerencias externas, e para a recuperación das vías de diálogo e solución pacífica das controversias.

2. Rexeitar con firmeza as ameazas de Trump e dirixirse ao goberno español para que proceda a fechar as bases militares estadounidenses de Morón e Rota, poñendo fin de maneira definitiva á presenza militar norteamericana en territorio español e á participación na OTAN.

3. Opoñerse ao envío por parte do Goberno español de medios e material de guerra á zona de conflito."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 17:14:58
Nº Rexistro: 52749
Data envio: 05/03/2026 17:14:58.060

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 05/03/2026 17:13:16

Óscar Insua Lema na data 05/03/2026 17:13:24

Iago Suárez Fernández na data 05/03/2026 17:13:33

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/03/2026 17:13:40

Iria Taibo Corsanego na data 05/03/2026 17:13:50

Cristina Fernández Davila na data 05/03/2026 17:13:56

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 17:14:58
Nº Rexistro: 52749
Data envio: 05/03/2026 17:14:58.060

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/03/2026 17:14:58

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 17:22:47
Nº Rexistro: 52756
Data envío: 05/03/2026 17:22:47.796

Asinado o día 05/03/2
17:10
Por José Ramón Gón

# Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.**

# Exposición de motivos

Falar de fármacos anticoagulante, é falar de Sintrom sen dúbida algunha, que se converteu nun nome familiar para practicamente calquera persoa.

A finalidade do Sintrom, é manter a coagulación sanguínea de maneira controlada, reducindo a intensidade coa que o sangue coagula. E o que fai, o igual que outros anticoagulantes coma el, é inhibir a formación de fibrina, impedindo, por tanto, a formación do coágulo sanguíneo.

Conta con múltiples indicacións médicas que van desde un infarto agudo de miocardio ata unha trombofilia hereditaria, pasando pola colocación dunha prótese valvular cardíaca, por citar só algúns exemplos.

Tamén é coñecido que este anticoagulante non se administra nunha dose fixa, polo que é absolutamente necesaria a realización de analíticas sanguíneas con frecuencia para que o persoal médico poida determinar o nivel de anticoagulación do sangue do paciente que toma Sintrom. E desta forma ir axustando a dose a administrar o paciente.

Asinado o día 05/03/2026 ás
17:09
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 05/03/2026 ás
17:09
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

Aquí atopamos o primeiro inconveniente, a necesidade de controis continuos, que supoñen unha incomodidade para os pacientes e tamén un custo engadido para o noso sistema público de saúde.

O segundo inconveniente ven polo que o control se pode ver afectado por unha ampla diversidade de fármacos, consumo de bebidas alcohólicas ou mesmo pola propia alimentación.

Un terceiro  inconveniente adicional é o risco de aparición de hemorraxias.

Por todo isto, este medicamento tan coñecido e popular require dunha administración sempre controlada e dun seguimento constante.

A día de hoxe existen alternativas terapéuticas ao Sintrom que resolven estes inconvenientes, o que supón unha mellora significativa na calidade de vida das persoas pacientes e unha simplificación do seguimento clínico.

Pero cremos que Galicia corre o risco de quedar atrasada respecto doutras comunidades autónomas no acceso a estes tratamentos máis modernos e cómodos para os pacientes.

Por todo o anteriormente exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fornecer de maneira máis ampla os fármacos alternativos ao Sintrom, que xa se utilizan noutras comunidades autónomas e que presentan vantaxes evidentes para os pacientes e para o propio sistema sanitario.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 17:22:47
Nº Rexistro: 52756
Data envio: 05/03/2026 17:22:47.796

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 05/03/2026 17:09:47**

**Silvia Longueira Castro na data 05/03/2026 17:09:57**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 05/03/2026 17:10:05**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 17:22:47
Nº Rexistro: 52756
Data envio: 05/03/2026 17:22:47.796

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/03/2026 17:22:48**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 18:02:53
Nº Rexistro: 52764
Data envío: 05/03/2026 18:02:53.524

Asinado o día 05/03/2
18:01
Por Carmen Rodrígue

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta**, **Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 1ª.**

# Exposición de motivos

Asinado o día 05/03/2026 ás
18:01
Por Paloma Castro Rey

Galicia afronta un reto demográfico estrutural caracterizado pola perda continuada de poboación nova, o avellentamento da pirámide demográfica e un saldo vexetativo persistentemente negativo.

Nos últimos anos rexistráronse saldos migratorios positivos, mais estes non responden fundamentalmente ao retorno da emigración galega, senón á inmigración internacional e á mobilidade interna dentro do Estado.

Entre 2009 e 2024 emigraron case 487.000 persoas residentes en Galicia, unha cifra que evidencia unha erosión demográfica prolongada no tempo.

Neste contexto, a Xunta de Galicia impulsou a Estratexia Galicia Retorna 2023-2026, que fixa o obxectivo de atraer 30.000 persoas retornadas.

Asinado o día 05/03/2026 ás
18:01
Por Patricia Iglesias Rey

Porén, persisten importantes interrogantes sobre a eficacia real desta estratexia, a falta de datos públicos sobre o perfil das persoas retornadas, a ausencia de indicadores de avaliación e a insuficiente planificación en ámbitos clave como o emprego, a cordóa ou a fixación de poboación no rural.

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 18:02:53
Nº Rexistro: 52764
Data envío: 05/03/2026 18:02:53.524

Ante esta situación, faise preciso adoptar o seguinte acordo:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e publicar, con carácter anual, un informe de avaliación da Estratexia Galicia Retorna, que inclúa o número real de retornos vinculados aos programas impulsados pola Xunta de Galicia, así como información detallada sobre o perfil sociodemográfico das persoas retornadas, a súa inserción laboral, o impacto territorial da súa instalación e a permanencia no tempo das persoas beneficiarias.

2. Desenvolver un sistema ou plataforma de identificación e difusión de ofertas laborais dirixido ás persoas emigrantes galegas ou descendentes interesadas en retornar a Galicia, no marco dos programas impulsados pola Xunta de Galicia, en coordinación co tecido empresarial galego e cos servizos públicos de emprego.

3. Que á vista da información obtida a través do informe anual de avaliación previsto no punto primeiro, elabore e aprobe un plan integral e transversal de retorno, que integre as políticas de emprego, vivenda, educación e desenvolvemento rural, baseado nunha diagnose actualizada, con planificación territorial, dotación de recursos específicos e avaliación periódica dos resultados.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 18:02:53
Nº Rexistro: 52764
Data envio: 05/03/2026 18:02:53.524

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 05/03/2026 18:01:05**

**Paloma Castro Rey na data 05/03/2026 18:01:12**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/03/2026 18:01:19**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 05/03/2026 18:01:25**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 18:02:53
Nº Rexistro: 52764
Data envio: 05/03/2026 18:02:53.524

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/03/2026 18:02:54**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 18:17:30
Nº Rexistro: 52772
Data envio: 05/03/2026 18:17:30.022

Asinado o día 05/03/2
18:16
Por Carmen Rodrígue

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta**, **Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 1ª.**

## Exposición de motivos

Asinado o día 05/03/2026 ás
18:16
Por Paloma Castro Rey

A aprobación da Lei 20/2022, de Memoria Democrática, permitiu que milleiros de descendentes da emigración española —moitos deles con orixe galega— puideran acceder á nacionalidade española ao abeiro da súa disposición adicional oitava, coñecida popularmente como “Lei de netos”.

Este proceso supón un cambio relevante no fenómeno migratorio vinculado a Galicia. Non se trata unicamente do retorno de persoas emigrantes, senón tamén da posibilidade de que descendentes da diáspora galega adquiran a nacionalidade española e establezan a súa residencia no noso país.

Segundo datos oficiais, o número de solicitudes de nacionalidade presentadas nos consulados incrementouse de forma moi significativa, especialmente en países de América Latina con forte presenza histórica da emigración galega.

Asinado o día 05/03/2026 ás
18:15
Por Patricia Iglesias Rey

Este novo escenario abre unha oportunidade demográfica relevante para Galicia, nun contexto marcado polo avellentamento da poboación, a perda de mocidade e o descenso continuado da natalidade.

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 18:17:30
Nº Rexistro: 52772
Data envío: 05/03/2026 18:17:30.022

PSG DE PSOE

Porén, a obtención da nacionalidade é só o primeiro paso. A eventual chegada ou retorno destas persoas require políticas públicas activas de acollida, integración e inserción laboral, así como planificación en ámbitos como a vivenda, a formación ou o coñecemento da lingua e cultura galegas.

Resulta, por tanto, necesario coñecer se a Xunta de Galicia dispón de previsións e instrumentos específicos para afrontar esta nova realidade.

Ante esta situación, faise preciso adoptar o seguinte acordo:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar unha estimación do número de descendentes da emigración galega que poderían adquirir a nacionalidade española ao abeiro da Lei de Memoria Democrática e avaliar o posible impacto demográfico para Galicia.

2. Desenvolver unha estratexia específica de captación e integración de descendentes da diáspora galega, que inclúa medidas de inserción laboral, acceso á vivenda e apoio á integración social.

3. Impulsar programas de formación lingüística, cultural e de orientación laboral dirixidos ás persoas descendentes da emigración galega que desexen establecer a súa residencia en Galicia.

4. Reforzar a coordinación entre as políticas da Xunta de Galicia en materia de retorno, emprego, vivenda, educación e desenvolvemento rural para facilitar a integración e fixación de poboación.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 18:17:30
Nº Rexistro: 52772
Data envio: 05/03/2026 18:17:30.022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 05/03/2026 18:15:56
Paloma Castro Rey na data 05/03/2026 18:16:02
Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/03/2026 18:16:07
José Ramón Gómez Besteiro na data 05/03/2026 18:16:14

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 18:17:30
Nº Rexistro: 52772
Data envío: 05/03/2026 18:17:30.022

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/03/2026 18:17:30**

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-PdnVXyXN4-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/